

Índice

Introdución.....	3
Consideracións xerais.....	3
Contextualización.....	4
Contributo da programación para o desenvolvemento das competencias-chave	6
Obxectivos.....	9
Contidos	12
Contidos de portugués segunda lingua estranxeira en 2º de ESO	13
Elementos transversais	14
Metodoloxía didáctica.....	16
Materiais e recursos didácticos	16
Sequenciación e temporización.....	16
Unidades didácticas: Aspectos curriculares (standards de aprendizaxe).....	17
Avaliación.....	32
Avaliación da programación e práctica docente	35
Atención para estudantes con NEAE	41
Actividades complementares	44
Contribución ao Plan Lector.....	44
Conclusións.....	47

INTRODUCCIÓN

O presente texto é unha proposta de programación didáctica da materia de Portugués Segunda Lingua Estranxeira, de un grupo do segundo ano do Ensino Secundario Obrigatorio, para o ano académico 2022/2023 no IES Nosa Señora dos Ollos Grandes.

Consideracións xerais

A educación escolar debe favorecer a formación integral das alumnas e dos alumnos e dar atención ao seu desenvolvemento intelectual, físico e social. Deste modo, todas as iniciativas educativas teñen de estar encamiñadas a integrar as e os estudantes nunha cultura larga, mutábel e próxima da súa experiencia, así como á formación dun pensamento reflexivo e crítico.

O ensino secundario Obrigatorio ten como finalidade que as alumnas e os alumnos adquiram os elementos básicos da cultura, especialmente nos seus aspetos lingüístico, humanístico, artístico, científico e tecnolóxico; desenvolvan e consoliden hábitos de estudo e de traballo; se preparen para a súa incorporación a estudos posteriores e para a súa inserción profesional; e se formem para o exercicio dos seus dereitos e obrigacións como cidadás e cidadáns. Durante este proceso, o papel do corpo docente vai alén da presentación de coñecementos acabados, as profesoras e os profesores teñen de guiar o proceso de ensino-aprendizaxe e ser un verdadeiro nexo motivador entre os estudantes, o material curricular e as actividades teóricas e prácticas. A programación didáctica ten que servir de eixo vertebral das actividades docente xa que favorecerá a consolidación dos obxectivos de ensino e aprendizaxe. Suxeita a melloras e actualizacións constantes, a programación axudaranos a dar coherencia á práctica docente en relación ás nosas intencións educativas, ao proporcionarnos elementos de análise, revisión, avaliación e reflexión.

A programación debe espertar o interese pelas expresións culturais e artísticas da cultura lusófona, valorizar o coñecemento da lingua portuguesa e considerala como unha ferramenta necesaria para se movimentar polo contexto global. Estes serán uns dos nosos obxectivos primordiais, sem esquecermos que o aprendizado de portugués irá incidir positivamente no nivel de galego dos discentes, da mesma forma que os coñecementos previos de galego irán facilitar a aprendizaxe da lingua portuguesa.

Contextualización

- Esta programación foi elaborada en conformidade co establecido na ORDEM do 19 de maio de 2021 *pela que se dá aprobación ao calendario escolar para o curso 2021/2022 nos centros docentes financiados con fondos públicos na Região Autónoma da Galiza* (DOG 04/06/2021) e nos artigos 73, 95 e 96 do Decreto 324/1996 *polo que se aprova o Regulamento Orgánico dos IES* (DOG 9/08/1996). Está dirigida ao primeiro ano de Ensino Secundario Obrigatorio e cunpre co disposto na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE) e na Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a Melloría da Calidade da Educación (LOMCE, “Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa”) e a través dela concretízase o establecido no Decreto 85/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo do ensino secundario Obrigatorio e do bacharelato na Região Autónoma de Galiza para o nivel escollido do ano académico 2022/2023. Tamén é levada en consideración a resolución do 17 de xuño de 2021, da Dirección Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditam instrucións para o desenvolvemento, no ano académico 2021/2022, do currículo establecido no Decreto 86/2015, de 25 de xuño, do ensino secundario Obrigatorio e do bacharelato nos centros docentes da Região Autónoma de Galiza. Igualmente, será tida en conta outra normativa específica ao longo da programación didáctica. As datas de finalización do período lectivo e de avaliación son establecidas pola *Ordem de 27 de decembro de 2022 pela cal se*

actualiza a normativa de avaliación no ensino primario, no de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo da Galiza. Segundo a Orde do 27 de Decembro de 2022, a sesión de avaliación final do alumnado da ESO deberá realizarse a partir do día 22 de Xuño de 2023 e deberá coincidir coa sesión da terceira avaliación parcial. Para alén do regulamentado na legislación autonómica supracitada, toda PD debe estar contextualizada e adaptada ás necesidades e características das alumnas e alumnos a quem vai dirigida, así como ao centro e ao ambiente en que se desenvolve.

Características do centro e contexto sociocultural

Situación

O IES “Nosa Señora dos Ollos Grandes” é un centro público de ensino secundario e Bacharelato, situado a moi pouca distancia do centro histórico da cidade de Lugo.

Centros adscritos

CEIP “Anexa” (Lugo); CEIP “Manuel Mallo Mallo” (Nadela) e CEIP “Virxe da Luz” (Portomarín).

Características singulares

Trátase dun centro urbano situado nas proximidades doutro centro de secundaria, o IES “LucusAugusti”, un CEIP (“Anexa”), un CIFP (“Politécnico”) e da Escola Universitaria de Formación do Profesorado. A Biblioteca Nodal de Lugo fica a escasa distancia do centro, na mesma rúa.

Características do alumnado

Lingua materna dominante

Castelán na maioría do alumnado procedente da cidade e galego na maioría do alumnado procedente do medio rural

Problemas sociais destacados

Non hai detectados á hora de realizar esta programación.

De modo xeral, non existe unha grande conflitualidade no centro.

Contributo da programación ao desenvolvemento das competencias chave.

O proxecto de Lingua Portuguesa de 2º de ESO pretende que os alumnos e alumnas continúen a adquirir as habilidades que comezaron a desenvolver no ano pasado, necesarias para facer efetiva a comunicación en portugués tanto no plano académico canto no plano persoal e sociocultural fora das aulas. Para iso, alén da comunicación lingüística, propia da materia, e a consciencia e expresións culturais, relacionada especialmente coa literatura e a cultura, en todas as unidades se desenvolven outras competencias inherentes á propia aprendizaxe. Son capacidades destinadas a ativar e aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensino e etapa educativa. Conceitualizáanse como un “saber facer” que é aplicado a distintos contextos académicos, sociais e profesionais.

As sete competencias chave descritas no Artigo 3 do Decreto 86/2015, de 25 de xuño, da LOMCE, teñen orixe nunha recomendación do Parlamento Europeo do 18 de decembro de 2006. Son as seguintes:

Competencia en Comunicación Lingüística (CCL). A capacidade para se comunicar oralmente e por escrito, incontornábel para a socialización está estreitamente ligada á nosa materia, visto que 100% dos standards de aprendizaxe da disciplina de Lingua Portuguesa están relacionados con esta competencia. Algunhas actividades que permitirán a adquisición desta competencia serán audicións e lecturas de diálogos e textos para comprender de maneira xeral o que se di (respondendo oralmente ou por escrito preguntas sobre o texto, facendo resumos....), comprender pormenores concretos,

recoñecer palabras ou frases.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).

É a competencia que permite obter as ferramentas e as estratexias para resolver problemas do cotidiano, para desenvolver o razoamento e o pensamento científico e para interatuar co mundo físico de forma consciente e respeitosa. Embora non estexa asociada a calquer un dos standards de aprendizaxe do currículo de Lingua Portuguesa, traballaremos esta competencia como parte do proceso de desenvolvemento do pensamento crítico e de resolución de problemas, lendo cantidades nas receitas ou aprendendo as tabuadas en portugués.

Competencia digital (CD). É indispensábel para a comunicación e a resolución de problemas no mundo moderno. Envolve o aceso a unha enorme cantidade de información, novas maneiras de se comunicar e de proporcionar información, de acceder a un mundo virtual con moitas posibilidades, mas tamén debe ser feito coatitude crítica e valorizando a propia seguranza no uso das redes sociais e das TIC. Na nosa disciplina contribuiremos ao **Proxecto TIC** coa utilización frecuente e crítica das novas tecnoloxías, tanto para a pesquisa de información como para as presentacións, como ferramenta de traballo e para a comunicación. Os alumnos poderán acceder á sala virtual do Edixgal cos computadores que lles serán entregues no inicio das aulas e cos cales faremos diversas actividades como corrigir o TPC, realizar pesquisas e tamén para aspetos mais lúdicos.

Competencia aprender a aprender (CAA). No proceso de ensino-aprendizaxe temos de capacitar as alumnas e alumnos para que resolvam problemas complexos autonomamente, portanto, tamén é necesario que aprendam a analizar e a seleccionar os recursos mais adecuados en cada situación. Para isto será importante favorecer o traballo e a investigación individuais. Por exemplo, ao investigar para a elaboración de

noticias relacionadas co Centro para a creación dun programa de radio. E tamén elaborando esquemas e resumos e aplicando técnicas de subliñado e autoavaliación de exercicios mediante grellas. Actividades como ordenar elementos para crear frases ou diálogos ou anagramas, axudan na adquisición desta competencia.

Competencias sociais e cívicas (CSC). O mundo global e diversificado en que vivemos na actualidade requere que coñezamos unhas premisas para nos relacionarmos de maneira respeitosa e eficaz. É necesario tamén que as alumnas e alumnos desenvolvam estratexias que lles permitan vivir socialmente e resolver conflitos pacificamente, así como fomentar a vontade de participar activamente dos valores democráticos. Desde a disciplina de Lingua Portuguesa contribuiremos para o **Plano de Convívio** que recolle estas iniciativas. Durante o ano académico traballaremos en grupos flexíbeis e heteroxéneos, para que teñan a posibilidade de traballar con diferentes colegas de turma, tamén faremos debates, simulacións e xogos en equipo que contribuirán para o aparecemento de distintas perspectivas e para o traballo sobre o respecto e o achegamento a outras opinións.

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIE). Esta competencia refírese á capacidade de levar as ideas á práctica e envolve moitas destrezas, como a de analizar a situación, ponderar as actividades a levar a cabo e os coñecementos necesarios para faze-lo, capacidade de decisión e de colaboración entre outras. Por medio da resolución de problemas da vida real, simulacións ou até descriucións contribuiremos para a adquisición desta competencia.

Competencia en consciencia e expresións culturais (CCEC). Esta competencia no

currículo de Lingua Portuguesa está moi ligada aos contidos do quinto bloque, os de literatura, e tamén ás manifestacións culturais do ámbito lusófono. A través deses coñecementos, adquirese unha cultura, fomentase a imaxinación e criase a oportunidade de desenvolver o seu talento artístico.

Obxectivos

Segundo dita o Decreto 86/2015, os obxectivos son “referentes relativos áquilo que as alumnas e alumnos deben atingir ao acabar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensino e aprendizaxe intencionalmente planificadas para tal fin”. No artigo 10 do Decreto 86/2015 establececese os seguintes obxectivos para a ESO:

a) Asumir responsabelmente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás outras persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, respectando os dereitos humanos e a igualdade de tratamento e de oportunidades entre homes e mulleres, como valores comuns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipa como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas de aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorizar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de género ou por calquer outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os preconceptos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquer manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afetivas en todos os ámbitos da persoalidade e nos seus relacionamentos coas demais persoas, rexeitando a violencia, os preconceptos de

calquer tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, nomeadamente as da información e a comunicación.

f) Conceber o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en disciplinas; coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si propias/os, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou mais linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorizar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizan achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, reforzar os hábitos de coidado e saúde, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorizar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorizar criticamente os costumes sociais relacionados coa saúde, o consuno, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo para a súa conservación e a súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorizar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galiza, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos povos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto face ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorizar a importancia da utilización da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galiza, e como medio de relacionamento interpesoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras variedades lingüísticas, en particular coas pertencentes á comunidade lusófona.

Nesta enumeración dos obxectivos mantemse o código de letras oficial, o cal exclúe a letra x e inclúe a letra ñ. Son estas tamén as letras usadas en cada unha das unidades didácticas deste proxecto pedagóxico para se referir a estes obxectivos. Nesta programación, foron deseñadas actividades destinadas a atinxir todos estes obxectivos, tal como está establecido na legislación.

Contidos

Segundo consta no Decreto 86/2015, “os contidos son o conxunto de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen para a consecución dos obxectivos de todo ensino e etapa educativa, e para a adquisición de competencias”. Para alén de se relacionaren cos obxectivos da etapa, relacionáronse tamén cos criterios de avaliación e cos standards.

Contidos de Portugués Segunda Lingua Estranxeira en 2º de ESO

A disciplina de Portugués Segunda Lingua Estranxeira está estruturada en cinco bloques dos cales se di explicitamente que non son independentes pois deben “producir múltiples conexións entre todos eles”. Así, elaboráronse as nosas unidades didácticas con contidos

de cada un dos cinco bloques que apresentamos a continuación:

Bloque 1 (B1) “Comprensión de textos orais” 1.1. Uso de estratexias de comprensión das mensagens orais (contexto verbal e non verbal, referentes, palabras-chave, adaptación da escuta á súa finalidade, identificación dos recursos lingüísticos ou temáticos, inferencia do significado provábel) /1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa /1.3. Perseveranza no consecución da comprensión oral, voltandoa ouvir o texto gravado ou pedindo unha repetición ou reformulación do dito /1.4. Memorización de expresións orais breves significativas (cunprementos, despedidas, preguntas sobre a idade, orixe...)

Bloque 2 (B2) “Producción de textos orais” 2.1. Estratexias de produción (planificación e execución) /2.2. Actitude de respecto a si propio/a e ás demais persoas para comprender e facerse comprender /2.3. Rotinas ou modelos elementares de interacción segundo o tipo de situación comunicativa, igualmente rotineiros e moito básicos

Bloque 3 (B3) “Comprensión de textos escritos” 3.1. Estratexias de comprensión (levantamento de información previa, identificación do tipo de lectura, identificación do tipo de comprensión requirida, inferencia e formulación de hipóteses, reformulación de hipóteses) /3.2. Soletrar e asociar a grafía, pronuncia e significado a partir de modelos escritos e expresións orais coñecidas

Bloque 4 (B4) “Producción de textos escritos” 4.1. Estratexias de produción (planificación, execución e revisión)

Bloque 5 (B5) “Coñecemento da lingua e consciencia intercultural e multilingue”

Padróns sonoros, prosódicos, rítmicos e de entoación básicos /5.2. Padróns gráficos e convencións ortográficas /5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos /5.4. Multilinguismo /5.5. Funcións comunicativas /5.6. Léxico oral e escrito básico

de uso comun (identificación persoal elemental, expresións fixadas e léxico relacionado con contidos moito simples) /5.7. Estruturas sintático-discursivas propias de cada lingua.

Elementos transversais

A LOMCE, no artigo 4 do Decreto 86/2015 di que a comprensión leitora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional serán traballadas en todas as disciplinas, sem prexuízo do seu tratamento específico nalgunas das materias de cada etapa. Tamén indica que a Secretaria correspondente fornecerá os medios para traballar a igualdade de género, a igualdade de tratamento e non discriminación, prevención da violencia de género e da violencia contra persoas con deficiencia, prevención e resolución pacífica de conflitos, liberdade, xustiza, pluralismo político, paz, democracia, dereitos históricos, estado de dereito, prevención do terrorismo, xenofobia e homofobia, competencia viária, criactividades, autonomía, iniciativa, traballo en equipo, sentido crítico e autoconfianza. Estes elementos transversais serán traballados en todas as unidades didácticas desta PD mediante o recurso a:

- Textos de diferentes naturezas para traballar a comprensión lectora (CL)
- Debates, contos e historias, actividades de creación e outras que impliquen produción de textos para mellorar a expresión oral e escrita (EO,E)
- Consultación e creación de documentos de áudio e en formato digital para practicar a comunicación audiovisual (CA) e as tecnoloxías da información e da comunicación (TIC)
- A realización de traballos en grupo onde deberán tomar decisións e facer contributos persoais fomentará o espírito emprendedor (EMP) das e dos estudantes.

As actividades realizadas deberán favorecer aptitudes como a cretividade, a autonomia, a iniciativa, o traballo en equipa, a confianza en si propio e o sentido crítico.

- A lectura de textos seleccionados, o debate o traballo en grupo e análise crítica de noticias da actualidade que poden informar de diferentes situacións discriminatorias, podemos contribuir da nosa materia a traballar de maneira transversal na educación cívica e constitucional (EC), a igualdade de género, a non discriminación (ND), a resolución pacífica dos conflitos (RPC), a prevención da violencia (PV) e a educación en valores (V).
- No ámbito da educación e a seguraza viaria (EV), promoveranse accións para que os alumnos coñezan os seus dereitos e deberes como utentes das vías, respeiten as normas e os sinais e se favoreza a tolerancia, a prudencia e o autocontrol para evitar os accidentes rodoviaros e as súas secuelas.

Metodoloxía didáctica

O profesor deberá ser o guía e o facilitador da aprendizaxe e para isto terá que partir da competencia inicial dos alumnos, ter en conta a diversidade, os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecer o traballo individual e cooperativo das alumnas e dos alumnos, así como o consecución dos obxectivos e das competencias correspondentes. Unha metodoloxía centrada nos alumnos, activa, participativa e investigadora, que motive e que permita aos alumnos realizar tarefas que lles resulten agradábeis, adecuándose á teoría das intelixencias múltiples (ouvir música, deseñar, dialogar, xogar ...)

A metodoloxía usada presenta aspetos **interdisciplinares** en actividades tais como adquisición de coñecementos xeográficos, cando tratamos a xeografía dos países lusófonos, matemáticos cando aprendemos as tabuadas en portugués ou relacionados coas ciencias da natureza, cando fazemos unha ficha sobre o ciclo da auga.

En función do tipo de actividades e das características das e dos estudantes, consideramos os seguintes **agrupamentos**, caracterizados por ser sempre **flexíbeis**: Grande agrupamento ou *grupo-aula*, será usado cando se expliquen os contidos básicos comuns para todo o grupo e para actividades de motivación; *pequeno grupo*, grupos heteroxéneos en función das capacidades, formados por catro persoas, para pesquisas ou proxectos en que traballarán cooperativamente ou colaborativamente en función das actividades; traballo de *pares*, para actividades de tipo cooperativo na sala de aulas; e traballo *individual*, de tipo reflexivo para consolidar os coñecementos adquiridos.

Canto aos **espazos**, será utilizada a sala de aulas xeral e respecto á xestión do **tempo**, as sesións terán unha duración de 50 minutos, nese tempo combinaremos actividades que requirem de concentración e traballo individual con actividades de aplicación do aprendido por pares ou pequenos grupos.

Materiais e recursos didácticos

Os **materiais** serán variados, empregaremos materiais fungíveis clásicos como material de papelería (cadernos, lápiz, borrachas, canetas) e material non fungível como videoproxetor, ecrã interativo e o computador do Edixgal. Os computadores individuais permiten mellorar a experiencia do uso das TIC, facilitan o uso de procesadores, de correctores para mellorar as producións e as consultas, ao paso que o videoproxetor facilita o reforzo visual para atender á diversidade.

Canto aos **recursos didácticos** empregados na sala de aulas, non teremos á nosa disposición un manual escolar, contaremos con distintos tipos de materiais a través da plataforma virtual do Edixgal; fichas de actividades de diversas fontes, moitas de elaboración propia, materiais de áudio e vídeo para potenciar a comprensión de textos orais e mellorar a competencia sociocultural (filmes, séries, deseños animados, cancións,

programas de televisión e rádio...); vídeos en formato H5P, textos literarios: contos, trechos de obras ou libros adaptados á súa idade; sites para traballar textos conforme os seus intereses; xogos e aplicacións online que axudem á gamificación da aula, por exemplo o website da wordwall.net ou dados para inventar historias; revistas de interese con imágens que axudem á comprensión do texto; dicionarios online e material fotocopiábel para reforzar aqueles contidos de carácter gramatical, á margem das actividades comunicativas.

Secuenciación e temporización

Esta materia ten 2 sesións semanais, que terán lugar ás terzas e ás cuartas feiras, contamos con 70 sesións lectivas. Así, contamos para esta disciplina e para cada avaliación, con 25, 28 e 17 sesións respectivamente, que temporalizaremos da maneira seguinte:

Secuenciación do traballo en aulas:

As distintas UDD incluídas na programación presentarán unha estrutura semellante, para facilitar os hábitos de traballo das alumnas e alumnos e a competencia de aprender a aprender. As partes onde se viren especificamente contidos e explicacións gramaticais, terán lugar na primeira metade da sesión, para toda a clase deixando a segunda metade para tarefas e actividades máis lúdicas. De forma xeral, a estrutura das unidades didácticas será a seguinte:

1. Actividades inicial (AI). Tomada de contacto co tema da unidade e cos coñecementos previos das alumnas e alumnos. As unidades didácticas comezarán con unha breve revisión de aspectos vistos na aula pasada, pode ser a través de preguntas orais ou de xogos de vocabulario online ou tamén poden comezar coactividades introdutoras de contido novo que será tratado nesa e nas sesións posteriores.
2. Actividades de desenvolvemento (AD). Tarefas destinadas a adquirir os contidos da

UD. Serán tanto actividades individuais como cooperativas. Serán exercicios de gramática e ortografía, lectura comprensiva ou análise de textos, mas tamén resolución de tarefas.

3. Actividades de consolidación (AC). Destinadas a reforzar coñecementos, deben ser atrativas e dinámicas, diálogos entre pares, representacións mímicas, pesquisas na internet, músicas e vídeos, gravación de poemas en grupo ou xogos online.

4. Actividades complementares (ACOMP). Realizarse-ño ocasionalmente: asistencia ao teatro (contación de historias) ou palestras consideradas de interese para os alumnos. Estas actividades serán organizadas durante o desenvolvemento do ano e non há unha data fixa de inicio.

5. Avaliación (AV). Levarse-á a cabo en todas as UDD con diferentes procedementos (proba escrita, observación) e instrumentos (listas de control, rubricas, portefólio).

6. Actividades de reforzo e ampliación (AR) (AA). Como medida de atención á diversidade e para respectar os distintos ritmos de aprendizaxe, serán propostas para aqueles alumnos e alumnas que o requeriren, unha vez detetada a necesidade.

Unidades didácticas: Aspectos curriculares (standards de aprendizaxe)

Unidade 1: “Vamos rever! (Primeiro trimestre, 6 sesións)

Nesta unidade veremos contidos do ano pasado.

Relación da unidade co currículo:

Obxectivos da etapa	a, b, c, d, e, i, o, l, ñ	Competencias chave	CCL, CMCCT, CD, CAA, CSC
Bloques de contido	B1, B2, B3, B4, B5	Eltos. transversais	CL, EO, E, TIC, EC

Contidos	B1.1, B1.4, B2.1, B2.2, B2.3, B3.2, B4.1, B5.1, B5.4, B5.6	Cráterios avaliación	B1.1, B1.4, B2.1,B2.2, B2.3, B2.4,B3.2, B4.1, B4.2, B5.1,
-----------------	---	-----------------------------	---

Procedemento de avaliación:

Standards de aprendizaxe	Peso	GM	Procedemento
SLEB 1.1 Comprende preguntas básicas moito simples... (CCL, CD, CAA, CCEC)	4%	50%	
SLEB 1.4 Comprende a información esencial en conversas... (CCL, CD, CAA, CCEC)	4%	50%	
SLEB 2.1 Mantén unha atitude positiva ante o uso da lingua... (CCEC ,CCL, CD, CAA, CCEC)	4%	50%	
SLEB 2.2 Faz e responde intelixiblemente preguntas simples... (CCL, CD, CAA, CCEC)	4%	50%	
SLEB 2.3 Consegue perceber e facerse entender o suficiente... (CCL, CD, CAA, CCEC)	4%	50%	
SLEB 2.5 Apresentase e dá e obtén información básica... (CCL, CAA, CCEC)	15%	50%	Proba escrita
SLEB 3.2 Comprende avisos, obrigas e interdicións... (CCL, CAA, CCEC)	15%	50%	Proba escrita
SLEB 4.1 Elabora textos simples a partir de modelos... (CCL, CAA, CD, CCEC)	15%	50%	Proba escrita
SLEB 4.2 Completa un cuestionário con información persoal (CCL, CAA, CD, CCEC)	15%	50%	Proba escrita
SLEB 5.1 Identifica sons e grafías de fonemas básicos (CCL, CCEC, CAA, CD)	20%	50%	Proba escrita

Peso da UD: 18%

Unidade 2: “O corpo humano e a saúde” (Primeiro trimestre, 6 sesións)

Nesta unidade traballaremos vocabulario relacionado con o corpo humano e con doenzas e

tratamentos. resposta en eco, revisión das as cores e o ditongo –ão. Expresión da existencia (p. ex., ser, estar,haver/ter); a entidade(substantivos contables/incontables); pronomes (tónicos); determinantes. Expresión da cantidade (singular/plural; numerais cardinais e ordinais). Verbos de movemento

Relación da unidade co currículo:

Obxectivos da etapa	a, b, c, d, e, i, o	Competencias chave	CCL, CD, CAA, CSC, CSIE, CCEC
Bloques de contido	B1, B2, B3, B4, B5	Eltos. transversais	CL, EO, E,TIC,EC,
Contidos	B1.1, B1.4, B2.1, B2.2, B2.3, B3.2, B4.1, B5.1 B5.2,	Criterios avaliación	B1.1, B1.4, B2.1, B2.2, B2.3, B2.4, B3.2, B4.1, B4.2, B5.1, B5.2,
Proxectos	Plano TIC, Plano Leitor e Plano de Convívio do Centro		

Procedemento de avaliación:

Standards de aprendizaxe	Peso	GM	Procedemento
SLEB 1.1 Comprende preguntas básicas moito simples... (CCL, CD, CAA, CCEC)	4%	50%	Táboa de indicadores
SLEB 1.4 Comprende a información esencial en conversas... (CCL, CD, CAA, CCEC)	4%	50%	Táboa de indicadores
SLEB 2.1 Mantén unha atitude positiva ante o uso da lingua... (CCEC ,CCL, CD, CAA, CCEC)	4%	50%	Táboa de indicadores
SLEB 2.2 Faz e responde intelixiblemente preguntas simples... (CCL, CD, CAA, CCEC)	4%	50%	Táboa de indicadores
SLEB 2.3 Consegue perceber e facerse entender o suficiente... (CCL, CD, CAA, CCEC)	4%	50%	Táboa de indicadores
SLEB 2.5 Apresentase e dá e obtén información básica... (CCL, CAA, CCEC)	15%	50%	Proba escrita
SLEB 3.2 Comprende avisos, obrigas e interdicións... (CCL, CAA, CCEC)	15%	50%	Proba escrita

SLEB 4.1 Elabora textos simples a partir de modelos... (CCL, CAA, CCEC)	15%	50%	Proba escrita
SLEB 5.1 Utiliza adequadamente as convencións orais e escritas básicas... (CCL, CAA, CD, CCEC)	20%	50%	Proba escrita
SLEB 5.2 Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ... (CCL, CCEC, CAA, CD)	15%	50%	Proba escrita

Peso da UD: 18%

Unidade 3: “Roupa e tempo meteorolóxico” (Primeiro trimestre, 6 sesións)

Nesta UD falaremos sobre estilos, características do vestuario. Estacións do ano e tempo meteorolóxico Vocabulario para expresar opinión

Expresar gustos e desexos Dar opinión. Concordancias e discordancias Dar consellos.

Falar sobre o estado do tempo Presente Indicativo de “despir” e “vestir” Presente dos verbos con alternancia vocálica Proceso de formación de palabras. Prefixos e sufixos. Composición

Conxuncións adversativas Comparación entre as estacións do ano, os estados do tempo e o vestuário usado nos países da lusofonía.

Relación da unidade co currículo:

Obxectivos da etapa	a, b, c, d, e, i, n, o	Competencias chave	CCL, CMCCT, CD, CAA, CSC,
Bloques de contido	B1, B2, B3, B4, B5	Eltos. transversais	CL, EO, E, TIC, EC
Contidos	B1.1, B1.3, B2.1, B2.4, B2.2, B2.3, B3., B3.2, B4.1 B5.1. B5.2,	Criterios avaliación	B1.1, B1.3 B2.1, B2.2, B2.3, B2.4, B3.2, B4.1, B4.3, B5.1, B5.2
Proxectos	Plano Leitor, TIC		

Procedemento de avaliación:

Standards de aprendizaxe	Peso	GM	Procedemento
SLEB 1.1 Comprende preguntas básicas moito simples... (CCL, CD, CAA, CCEC)	4%	50%	Táboa de indicadores
SLEB 1.3 Comprende o sentido global e a información mais relevante de textos orais (CCL, CAA, CCEC)	4%	50%	Táboa de indicadores
SLEB 2.1 Mantén unha atitude positiva ante o uso da lingua... (CCEC ,CCL, CD, CAA, CCEC)	4%	50%	Táboa de indicadores
SLEB 2.2 Faz e responde intelixentemente preguntas simples... (CCL, CD, CAA, CCEC)	4%	50%	Táboa de indicadores
SLEB 2.3 Consegue perceber e facerse entender o suficiente... (CCL, CD, CAA, CCEC)	4%	50%	Táboa de indicadores
SLEB 2.4. Participa en conversas informais breves e moito básicas...(CAA, CCEC)	15%	50%	Proba escrita
SLEB 3.2 Comprende avisos, obrigas e interdicións... (CCL, CAA, CCEC)	15%	50%	Proba escrita
SLEB 4.1 Elabora textos simples a partir de modelos... (CCL, CAA, CD, CCEC)	15%	50%	Proba escrita
SLEB 5.1 Identifica sons e grafías de fonemas básicos (CCL, CCEC, CAA, CD)	20%	50%	Proba escrita
SLEB 5.2 Utiliza adequadamente as convencións orais e escritas.... (CCL, CCEC, CAA, CD)	15%	50%	Proba escrita

Peso da UD: 18%

Unidade 4: “Animais e natureza” (Primeiro trimestre, 7 sesións)

Nesta unidade aprenderemos vocabuláriosobre animais, os sons que fazem, cuidados dos animais de estimaç ão, árbores e frutos. Descrever animais. Verbos relacionados com o mundo animal . Grau do adjectivo. Demonstrativos, fonema /v/, ditongo –en, e localización no espazo.

Relación da unidade co currículo:

Obxectivos da etapa	a, b, c, d, e, i, n, o	Competencias chave	CCL, CAA, CD, CSC, CSIE,
Bloques de contido	B1, B2, B3, B4, B5	Eltos. transversais	CL, EO, E, TIC, EC, PV
Contidos	B1.1, B1.4, B2.1, B2.2, B2.3, B3.2, B4.1, B5.1, B5.2, B5.6, B5.7	Criterios avaliación	B1.1, B1.4, B2.1, B2.2, B2.3, B2.4, B3.2, B4.1, B5.1, B5.2

Procedemento de avaliación:

Standards de aprendizaxe	Peso	GM	Procedemento
SLEB 1.1 Comprende preguntas básicas moito simples... (CCL, CD, CAA, CCEC)	8%	50%	Táboa de indicadores
SLEB 1.4 Comprende a información esencial en conversas... (CCL, CD, CAA, CCEC)	8%	50%	Táboa de indicadores
SLEB 2.1 Mantén unha atitude positiva ante o uso da lingua... (CCEC, CCL, CD, CAA, CCEC)	8%	50%	Táboa de indicadores
SLEB 2.2 Faz e responde intelixivelmente preguntas simples... (CCL, CD, CAA, CCEC)	8%	50%	Táboa de indicadores
SLEB 2.3 Consegue perceber e facerse entender o suficiente... (CCL, CD, CAA, CCEC)	8%	50%	Táboa de indicadores
SLEB 2.5 Apresentase e dá e obtén información básica... (CCL, CAA, CCEC)	15%	50%	Proba escrit
SLEB 3.2 Comprende avisos, obrigacións e interdicións... (CCL, CAA, CCEC)	15%	50%	Proba escrita
SLEB 4.1 Elabora textos simples a partir de modelos... (CCL, CAA, CD, CCEC)	15%	50%	Proba escrita
SLEB 5.1 Identifica sons e grafías de fonemas básicos (CCL, CCEC, CAA, CD)	15%	50%	Proba escrita
SLEB. 5.2. Utiliza adequadamente as convencións orais escritas... (CCL, CAA, CCEC, CD)	15%	50%	Proba escrita

Peso da UD: 23%

Unidade 5: Alimentação (segundo trimestre, 7 sesións)

Nesta unidade veremos: alimentos. Comidas e bebidas Horarios das comidas. Refeições
Restaurantes. Ementas Mercados. Identificar alimentos

Falar sobre a alimentación habitual Falar de hábitos alimentares/comparar Pedir comidas cando se
come fóra Escoller alimentos para comprar Perguntar prezos

Indicar cantidades Expresar gustos Escribir receitas

Adverbios de cantidade – “muito”, “pouco”, etc. Nomes contábeis e non contábeis

Presente do indicativo do verbo “querer” e de outros verbos irregulares máis frecuentes

Modo imperativo afirmativo dos verbos irregulares mais frecuentes

Imperativo negativo dos verbos regulares e irregulares

A comida portuguesa e as comidas e bebidas típicas dos países lusófonos

Hábitos de refeições

Maneiras á mesa

Relación da unidade co currículo:

Obxectivos da etapa	a, b, c, d, e, i,m, o	Competencias chave	CCL, CAA, CD, CSC
Bloques de contido	B1, B2, B3, B4, B5	Eltos. transversais	CL, EO, E, TIC, EC
Contidos	B1.2, B2.1, B2.2, B3.1, B3.2, B5.2, B5.3, B5.4, B5.6, B5.7	Criterios avaliación	B1.1, B2.1, B2.2, B3.2, B3.4, B4.1, B5.2, B5.3, B5.4
Proxectos	Plano de Convivencia		

Procedemento de avaliación:

Standards de aprendizaxe	Peso	GM	Instrumento
SLEB1.2 Comprende frases e segue instrucións e consignas de aula. (CCL, CAA, CCEC).	9%	50%	Táboa de indicadores
SLEB2.1 Mantén unha atitude positiva ante o uso da lingua... (CCL, CAA, CCEC, CD).	8%	50%	Táboa de indicadores
SLEB2.2 Faz e responde intelixivelmente preguntas simples... (CCL, CAA, CCEC, CD).	8%	50%	Táboa de indicadores
SLEB3.4 Comprende información esencial e localiza información ((CCL, CAA, CCEC, CD)	15%	50%	Proba escrita
SLEB4.1 Elabora textos simples a partir de modelos...(CCL, CAA, CCEC, CD).	15%	50%	Proba escrita
SLEB5.2 Utiliza as convencións orais e escritas da lingua estranxeira (CCL, CAA, CCEC, CD)	15%	50%	Proba escrita
SLEB5.3 ...Produción de textos e de hipóteses de significados... (CCL, CAA, CCEC).	20%	50%	Proba escrita
SLEB5.4 Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa. (CCL, CAA, CCEC, CD).	15%	50%	Proba escrita

Peso da UD: 20%

Unidade 6: Lojas” (segundo trimestre, 7 sesións)

Nesta unidade Léxico relativo a: - Loxas (balcão e self-service) - Supermercados -

Mercados – Feiras Tipos de pagamento (dinheiro, cheque, cartão de crédito). Fórmulas de

delicadeza e cortesía Formas de tratamento: diferentes graos de formalidade (o senhor

director, a Dr^a Teresa, o/a senhor(a), o João, a Joaquina)

Acentuación: regras xerais. Pedir e dar informacións sobre os bens a adquirir

(prezos, tipos e tamaño de vestuario; alimentos; outros bens)

Seguir instrucións Facer pedidos con delicadeza Suxerir Trocar bens e facer reclamacións

Adverbios de modo Pretérito perfecto dos verbos regulares das 1.^a e 2.^a conxugacións e

dos verbos irregulares “ser”

Relación da unidade co currículo:

Obxectivos da etapa	a, b, c, d, e, g, i, m, n, o	Competencias chave	CCL, CAA, CD, CSC, CSIE, CCEC
Bloques de contido	B1, B2, B3, B4, B5	Eltos. transversais	CL, EO, E, TIC, EC
Contidos	B1.2, B2.1, B2.2, B2.3, B3.1, B3.2, B4.1, B5.2, B5.3, B5.4, B5.6, B5.7	Criterios avaliación	B1.1, B2.1, B2.2, B3.4 B4.1, B5.2, B5.3, B5.4

Procedemento de avaliación:

Standards de aprendizaxe	Peso	GM	Instrumento
SLEB1.2 Comprende frases e segue instrucións e consignas de aula.(CCL, CCA, CCEC)	6%	50%	Táboa de indicadores
SLEB2.1 Mantén unha atitude positiva ante o uso da lingua... (CCL, CCA, CCEC, CD)	7%	50%	Táboa de indicadores
SLEB2.2 Faz e responde intelixivelmente preguntas simples... (CCL, CCA, CCEC)	7%	50%	Táboa de indicadores
SLEB3.4 Comprende información esencial e localiza información específica ... (CCL, CCA, CCEC, CD)	15%	50%	Proba escrita
SLEB4.1 Elabora textos simples a partir de modelos... (CCL)	15%	50%	Proba escrita
SLEB5.2 Utiliza as convencións orais e escritas da lingua estranxeira	15%	50%	Proba escrita
SLEB5.3 ...Produción de textos e de hipóteses de significados... (CAA)	20%	50%	Observación
SLEB5.4 Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa...	15%	50%	Proba escrita

Peso da UD:20%

Unidade 7: “Rotinas e tempos libres ” (Segundo trimestre, 7 sesións)

Nesta unidade veremos os pasatempos e desportos,, a historia da Lebre e a Tartaruga e Dias da semana. Horas. Hábitos de hixiene. Actividades diarias

Adverbio interrogativo “onde” e “quando”. Preposiciónss e locucións prepositivas de lugar

Cuantificadores. Pronomes relativos. Referencias temporais: “antes”, “depois”, “em seguida”, “cedo”, “tarde”, “hoje”, “ontem”, “amanhã”, entre outros

Presente do indicativo dos verbos em -ear (e.g. “passear”) e dos verbos irregulares “ler”, “ver”, “ir”, “vir” e “ouvir”

Pronomes reflexivos

Tipos de acentos. Regras elementares de acentuación: “há” vs. ”à” vs. “á”

Relación da unidade co currículo:

Obxectivos da etapa	a, b, c, d, e, i, l, m, o	Competencias chave	CCL, CAA, CD, CSC, CCEC
Bloques de contido	B1, B2, B3, B4, B5	Eltos. transversais	CL, EO, E, EC, EC
Contidos	B1.3, B2.1, B2.2, B2.3, B3.1, B3.2, B4.1, B5.2, B5.3, B5.4, B5.6, B5.7	Criterios avaliación	B1.3, B2.1, B2.2, B2.3, B3.1, B4.1, B5.2, B5.3, B5.4

Standards de aprendizaxe	Peso	GM	Instrumento
SLEB1.3 Comprende o sentido global de textos orais breves (CCL,CD, CCA, CCEC)	5%	50%	Táboa de indicadores
SLEB2.1 Mantén unha atitude positiva ante o uso da lingua... (CCL, CCA, CCEC)	5%	50%	Táboa de indicadores
SLEB2.2 Faz e responde intelixivelmente preguntas simples... (CCL,	5%	50%	Táboa de indicadores

CCA, CCEC, CD)			
SLEB 2.3 Desenrascase percebendo o suficiente... (CCL, CCA, CCEC, CD)	5%	50%	Táboa de indicadores
SLEB3.1. Comprende con fluidez textos adaptados (CCL, CCA, CCEC, CD)	15%	50%	Proba escrita
SLEB4.1 Elabora textos simples a partir de modelos... (CCL, CCA, CCEC, CD)	20%	50%	Proba escrita
SLEB5.2 Utiliza adecadamente as convencións orais e escritas da lingua estranxeira (CCL, CCA, CCEC, CD)	15%	50%	Proba escrita
SLEB5.3 ...Produción de textos e de hipóteses de significados... (CCL, CCA, CCEC)	15%	50%	Proba escrita
SLEB5.4 Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa... (CCL, CCA, CCEC, CD)	15%	50%	Proba escrita

Peso da UD: 20%

Unidade 8: “Casa, bairro e cidade” (Segundo trimestre, 7 sesións)

Nesta unidade traballaremos o léxico da casa, do bairro e da cidade. Tipos de casa (“apartamento”, “vivenda”, “quinta”) Partes da casa. Mobiliario. Cores. Dimensións.

Uso dos transportes privados e de uso público.

Verbos irregulares – revisión. Ditongos nasais – revisión.

Relación da unidade co currículo:

Obxectivos da etapa	a, b, c, d, e, i, o	Competencias chave	CCL, CAA, CD, CSC, CCEC
Bloques de contido	B1, B2, B3, B4, B5	Eltos. transversais	CL, EO, E, TIC, EC

Contidos	B1.2, B2.1, B2.2, B3.1, B3.2, B5.2, B5.3, B5.4, B5.6, B5.7	Criterios avaliación	B1.1, B2.1, B2.2, B3.4, B4.1, B5.2, B5.3, B5.4
-----------------	---	-----------------------------	---

Procedemento de avaliación:

Standards de aprendizaxe	Peso	GM	Instrumento
SLEB1.2 Comprende frases e segue instrucións e consignas de aula. (CCL, CAA, CCEC)	8%	50%	Táboa de indicadores
SLEB2.1 Mantén unha atitude positiva ante o uso da lingua... (CCL, CAA, CCEC, CD)	7%	50%	Táboa de indicadores
SLEB2.2 Faz e responde intelixivelmente preguntas simples... (CCL, CAA, CCEC, CD)	7%	50%	Táboa de indicadores
SLEB3.4 Comprende información esencial e localiza información (CCL, CAA, CCEC, CD)	15%	50%	Proba escrita
SLEB4.1 Elabora textos simples a partir de modelos... (CCL, CAA, CCEC, CD)	15%	50%	Proba escrita
SLEB5.2 Utiliza as convencións orais e escritas da lingua estranxeira (CCL, CAA, CCEC, CD)	15%	50%	Proba escrita
SLEB5.3 ...Produción de textos e de hipóteses de significados... (CCL, CAA, CCEC)	10%	50%	Proba escrita
SLEB5.4 Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa... (CCL, CAA, CCEC, CD)	15%	50%	Proba escrita

Peso da UD: 20%

Unidade 9: “Aonde foste de férias?.” (Terceiro trimestre, 6 sesións)

Nesta unidade veremos vocabulario relacionado coas viaxes, asvacacións

Falaremos de accións pasadas puntuais e de accións pasadas recentes.

Narraremos acontecementos pasados. Veremos o pretérito perfecto simple do

indicativo. Adverbios, locucións adverbiais e expresións de tempo (já, nunca, ainda não). Acabar de + infinitivo.

Relación da unidade co currículo:

Obxectivos da etapa	a, b, c, d, e, i, m, l, o	Competencias chave	CCL, CAA, CD, CSC, CSIE, CCEC
Bloques de contido	B1, B2, B3, B4, B5	Eltos. transversais	CL, EO,E, EC, IG,TIC
Contidos	B1.3, B2.1, B2.2, B2.3, B3.1, B3.2, B4.1, B5.2, B5.3, B5.4, B5.6, B5.7	Criterios avaliación	B1.3, B1.4, B1.5, B1.6, B2.1, B2.2, B2.3, B3.4, B4.1, B5.2, ,B5.4, B5.8

Standards de aprendizaxe	Peso	GM	Instrumento
SLEB1.3 Comprende o sentido global de textos orais breves (CCL, CCEC, CAA, CD)	5%	50%	Táboa de indicadores
SLEB2.1 Mantén unha atitude positiva ante o uso da lingua... (CCL, CCEC, CAA, CD)	5%	50%	Táboa de indicadores
SLEB2.2 Faz e responde intelixiblemente preguntas simples... (CCL, CCEC, CAA, CD)	5%	50%	Táboa de indicadores
SLEB 2.3 É capaz de perceber o suficiente... (CCL, CCEC, CAA, CD)	5%	50%	Táboa de indicadores
SLEB3.4.Comprende o esencial e localiza información específica (CCL, CCEC, CAA, CD)	15%	50%	Proba escrita
SLEB4.1 Elabora textos simples a partir de modelos... (CCL, CCEC, CAA, CD)	15%	50%	Proba escrita

SLEB5.2 Utiliza as convencións orais e escritas da lingua estranxeira (CCL, CCEC, CAA, CD)	15%	50%	Proba escrita
SLEB5.3 ...Produción de textos e de hipóteses de significados... (CCL, CCEC, CAA, CD)	20%	50%	Proba escrita
SLEB5.4 Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa... (CCL, CCEC, CAA, CD)	15%	50%	Proba escrita

Peso da UD: 35%

Unidade 10: “Lusofonia” (Terceiro trimestre, 6 sesións)

Esta unidade está dedicada aos países de lingua oficial portuguesa, aprenderemos datos variados sobre os diferentes países (xeografía, gastronomía, música, costumes e tradicións) e veremos vídeos relacionados con eles.

Relación da unidade co currículo:

Obxectivos da etapa	a, b, c, d, e, g, i, l, ñ, o.	Competencias chave	CCL, CAA, CD, CSC, CSIE,
Bloques de contido	B1, B2, B3, B4, B5	Eltos. transversais	CL, EO,E, TIC,EC, IG
Contidos	B1.3, B2.1, B2.2, B2.3, B3.4, B4.1, B5.2, B5.3, B5.4,	Criterios avaliación	B1.3, B2.1, B2.1, B2.2, B2.3, B3.4, B4.1, B5.3, B5.4

Standards de aprendizaxe	Peso	GM	Instrumento
SLEB1.3 Comprende o sentido global de textos orais breves (CCL)	5%	50%	Táboa de indicadores
SLEB2.1 Mantén unha atitude positiva ante o uso da lingua... (CCEC)	5%	50%	Táboa de indicadores
SLEB2.2 Faz e responde intelixiblemente preguntas simples... (CCL)	5%	50%	Táboa de indicadores
SLEB 2.3 É capaz de perceber o suficiente... (CCL, CAA)	5%	50%	Táboa de indicadores

SLEB3.1. Comprende textos relativos a temas do seu interese (CCL)	15%	50%	Proba escrita
SLEB4.1 Elabora textos simples a partir de modelos... (CCL)	15%	50%	Proba escrita
SLEB5.2 Utiliza as convencións orais e escritas da lingua estranxeira	15%	50%	Proba escrita
SLEB5.3 ...Produción de textos e de hipóteses de significados... (CAA)	15%	50%	Proba escrita
SLEB5.4 Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa...	20%	50%	Proba escrita

Peso da UD: 35%

Unidade 11: “Unidade de revisão” (5 sesións) *Nesta unidade faremos unha revisión dos contidos vistos ao longo do ano, nas unidades anteriores.*

Obxectivos da etapa	a, b, c, d, e, i, m, o	Competencias chave	CCL, CAA, CD, CSC, CCEC
Bloques de contido	B1, B2, B3, B4, B5	Eltos. transversais	CL, EO,E, EC,TIC
Contidos	B1.3, B2.1, B2.2, B2.3, B3.1, B3.2, B4.1, B5.2, B5.3, B5.4, B5.5, B5.6, B5.7	Criterios avaliación	B1.3, B2.1, B2.2, B2.3, B3.4, B4.1, B5.2, B5.3, B5.4

Procedemento de avaliación:

Standards de aprendizaxe	Peso	GM	Instrumento
SLEB1.3 Comprende o sentido global de textos orais breves (CCL, CCEC, CAA, CD)	5%	50%	Táboa de indicadores
SLEB2.1 Mantén unha atitude positiva ante o uso da lingua... (CCL, CCEC, CAA, CD)	5%	50%	Táboa de indicadores
SLEB2.2 Faz e responde intelixivelmente preguntas simples... (CCL, CCEC, CAA, CD)	5%	50%	Táboa de indicadores
SLEB 2.3 É capaz de perceber o suficiente... (CCL, CCEC, CAA,	5%	50%	Táboa de

CD)			indicadores
SLEB3.4. Comprende o esencial e localiza información específica (CCL, CCEC, CAA, CD)	15%	50%	Proba escrita
SLEB4.1. Elabora textos simples a partir de modelos... (CCL, CCEC, CAA, CD)	20%	50%	Proba escrita
SLEB5.2. Utiliza as convencións orais e escritas da lingua estranxeira (CCL, CCEC, CAA, CD)	15%	50%	Proba escrita
SLEB5.3. ...Produción de textos e de hipóteses de significados... (CCL, CCEC, CAA, CD)	15%	50%	Proba escrita
SLEB5.4. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa... (CCL, CCEC, CAA, CD)	15%	50%	Proba escrita

Peso da UD: 30%

Avaliación

A avaliación constitúe unha parte fulcral do proceso de ensino-aprendizaxe, visto que permite obter información de todo o proceso e intervir de maneira máis favorábel. Como se establece no Decreto 86/2015, a avaliación será **continua, formativa e integradora**. Tamén, a avaliación permitirá valorizar as aprendizagens das alumnas e alumnos e tamén a práctica docente e o cumprimento da programación didáctica.

Avaliación das alumnas e alumnos

O Decreto 86/2015 proporciónanos unha serie de ferramentas que nos permitirán levar a cabo a avaliación das nosas alumnas e alumnos. Nesas ferramentas temos de acrecentar necesariamente os **criterios de avaliación**. Trátase, como se indica no Decreto, de descrições daquilo que se quer atinxir en cada disciplina, os criterios de avaliación serán os elementos a partir dos cales armaremos as unidades didácticas e seleccionaremos os

contidos que nos permitirán atinxilos. Cada unha das unidades didácticas foi elaborada a partir dunha serie de criterios tomados do Decreto 86/2015 e a relación deles inclúese na unidade didáctica correspondente.

Os **standards de aprendizaxe avaliábeis** constitúen a segunda ferramenta incontornábel para concretizar a programación didáctica e para poder afrontar a avaliación. Están estreitamente ligados aos criterios de avaliación, visto que non son máis do que concretizacións destes. Por este motivo, os standards de aprendizaxe de cada UD deben axustarse aos criterios de aprendizaxe correspondentes a partir dos cales se armou a unidade didáctica. Estes standards definen os resultados da aprendizaxe e deben ser **observábeis, medíbeis e avaliábeis** e tamén deben permitir graduar o rendemento ou conseqüemento. Están relacionados na unidade didáctica correspondente.

A, tamén se producirá unha **avaliación procesual** a medida que se van explicando os contidos de cada unidade, examínase a aprendizaxe ao longo das actividades realizadas en sala de aula. Finalmente, terá lugar unha **avaliación final** para tomar unha decisión sobre o aproveitamento de cada unha das unidades, do trimestre e do ano académico.

Canto aos **tipos de avaliación**, comezaremos o ano académico con unha **avaliación inicial** para tomar contacto cos coñecementos e as capacidades das nosas alumnas e alumnos. Nesta avaliación indagarase-á sobre as destrezas lingüísticas das e dos discentes, tanto das escritas canto das orais.

A avaliación maioritaria será a **heteroavaliación** por parte da profesora, para que poida orientar de maneira adecuada as súas intervencións. Con todo, serán feitas puntualmente **autoavaliacións**, nomeadamente a partir de grellas, para que as alumnas e alumnos sexan conscientes das súas propias fortalezas e debilidades, e para dar valor ao propio erro e desenvolver a competencia de aprender a aprender, mas sen peso na calificación final.

No proceso de avaliación serán utilizadas diversas **técnicas e instrumentos de avaliación**,

visto que os tipos de aprendizaxe tamén son variados. Os standards que estiverem mais orientados para os contidos conceptuais serán avaliados mediante **probos escritos**, encanto aqueles que se refiriren a procedementos ou atitudes, serán avaliados a través de **observación sistemática (lista de verificación, grella)**.

Os standards avaliados por proba escrita terán un peso de 80%, encanto que os standards avaliados por táboas de indicadores terán o 20% restante.

A nota de cada avaliación consistirá nunha proba escrita, que contará para o 80% da nota e os traballos de casa, que contarán para o 20%.

A nota final será a obtida na terceira avaliación, posto que o aprendizado de línguas é un proceso continuo e nesta última avaliación entran de forma inherente os contidos vistos nas dúas avaliacións anteriores.

Quen precisar dunha proba final para aprobar a materia, esta será realizada no período correspondente á dúas última semana do ano lectivo.

Os alumnos e as alumnas interesados en subir nota, poderán facelo tamén nesta época final.

Aquelas persoas que non superaren a materia na 3ª avaliación, realizarán unha proba final, proba escrita, en que se incluírán preguntas sobre os standards de aprendizaxe do ano académico.

Aquelas alumnas e alumnos que **superaren 2º de ESO coa nosa materia pendente** realizarán un boletín de exercicios sobre todos os standards que valerá 40% da nota e do cal entregará unha parte en decembro e unha outra en marzo. Adicionalmente, realizaranse

dúas probas escritas, unha en decembro e unha outra en marzo que contarán 30% cada unha. Se non superaren estas probas, realizarán a proba final de maio.

Avaliación da programación didáctica

Tal e como establece o Decreto 86/2015, as aprendizagens das alumnas e alumnos non é o único que debe ser avaliado, mas tamén a práctica docente e o desenvolvemento da programación. Para avaliar a correcta planificación, concretización e adecuación da PD ás e os estudantes, ao contexto, ás NEAE e ao cumprimento da mesma, estableceremos uns **indicadores de consecución** que nos permitirán avaliála. A información que obteremos desta escala de valoración seranos moi útil para reforzar diversos aspectos da programación e para elaborar a memoria final. A escala de valoración será completada no fin de cada unidade.

Avaliación da actividades docente e do proceso de ensino-aprendizaxe

Para ter información de todo o proceso de ensino-aprendizaxe precisamos de coñecer como decorre a nosa práctica docente para saber se temos de modificar algun aspeto ou axustar a metodoloxía, os agrupamentos ou outros aspetos cruciais para perfeccionar a nosa práctica e os resultados das nosas alumnas e alumnos. Para este efecto, contaremos con unha escala de valoración con **indicadores de consecución** sobre a nosa propia práctica docente, que completaremos con periodicidade trimestral. Elaboraremos outra escala de valoración con **indicadores de consecución** e un teste para que completen as alumnas e alumnos en cada UD e ter información externa que faza o proceso mais obxectivo. Os resultados destas avaliacións serán contemplados na memoria final para que poidan ser tidos en conta en sucesivos anos académicos.

2 Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente

Durante o ano académico farase un seguimento regular da programación nas reunións de seminario e, ao final de cada avaliación, avaliarase:

- O cumprimento da temporalización
- Logro dos obxectivos
- Dificultades encontradas
- Cumprimento dos acordos
- Idoneidade dos recursos
- Necesidades detectadas
- Resultados conseguidos
- Adecuación da metodoloxía aos resultados conseguidos na avaliación
- Valoración dos criterios de cualificación

Con este fin, responderanse, regularmente os diferentes Indicadores de Logro, conforme o cadroque apresentamos na páxina seguinte.

Alén diso, no fin do ano académico, pedirase ao alumnado para responder un inquérito sobre o desenvolvemento da práctica docente.

Na Memoria de final de curso, analizaranse as deficiencias e adecuación, segundo o caso, observadas á hora de pór en práctica a programación.

Canto aos **Indicadores de logro**, a medida establecerase entre o 1 e o 5, do seguinte xeito:

- Nunca (1)
- Poucas veces (2)
- A miúdo (3)
- Case sempre (4)
- Sempre (5)

Estes Indicadores de Logro cubriranse cos resultados da enquisa para a **Avaliación do Labor Docente** realizada polo alumnado de xeito anónimo, a través dun formulario virtual.

[Indicadores de logro do proceso de ensino](#)

INDICADOR ES	1	2	3	4	5
-----------------	---	---	---	---	---

1. O nivel de dificultade, en xeral, foi adecuado ás características do alumnado.					
2. As actividades para desenvolver a competencia oral eran axeitadas para o curso-grupo					
3. As actividades para desenvolver a competencia escrita eran axeitadas para o curso-grupo					
4. Combinouse adecuadamente explicación por parte da profesora e práctica.					
5. As actividades foron, en xeral, motivadoras					
6. Combináronse axeitadamente as actividades TIC con actividades tradicionais					
7 As actividades TIC resultaron motivadoras					
8. O emprego de música e de vídeos-musicais axudou no proceso de aprendizaxe					
9. O emprego de filmes axudou no proceso de aprendizaxe					
10. Os textos escritos e diferentes fichas entregadas axudaban no proceso de aprendizaxe					
11. Atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado.					
12. Usáronse distintos instrumentos de avaliación para atender os diferentes aspectos.					

Indicadores de logro do proceso da práctica docente

Para o profesorado:

DIMENSIÓN	INDICADORES	1	2	3	4	5
Planificación	1. Ten en conta os estándares de aprendizaxe.					
	2. Ten en conta os plans e proxectos educativos do centro.					
	3. Ten en conta o tempo dispoñíbel para o desenvolvemento da materia.					
	4. Formula os obxectivos didácticos de forma que expresen as competencias a acadar polo alumnado.					
	5. Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe e das necesidades do alumnado.					

	6. Planifica as clases de modo flexíbel, preparando actividades e recursos axustados á programación da aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado.					
	7. Estabelece, de forma explícita, os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación.					
	8. Coordínase co resto do profesorado do departamento e do centro que poidan ter contidos afíns (Tratamento Integrado de Linguas).					
	9. Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos na normativa legal vixente.					
DIMENSIÓNS	INDICADORES	1	2	3	4	5
	1. Organiza os contidos dando unha visión xeral de cada tema (índices, esquemas...)					
	2. Relaciona os conceptos novos cos xa coñecidos.					
	3. Mostra predisposición para esclarecer dúbidas dentro e fóra das					

Desenvolvemento	clases.					
	4. Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento das Unidades didácticas.					
	5. Utiliza as TICs para apoiar os contidos na aula.					
	6. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída co alumnado.					
	7. Desenvolve os contidos dunha forma ordenada e comprensíbel para os alumnos e as alumnas.					
	8. Elabora actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe.					
	9. Presenta actividades de grupo e individuais.					

10. Facilita estratexias de aprendizaxe (como buscar información, como resolver problemas,...)					
11. Detecta os coñecementos previos a cada tarefa de aprendizaxe.					
12. Revisa, con frecuencia, os traballos propostos na aula e fóradela.					
13. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como poder melloralas.					
14. Corrixe e explica de forma habitual os traballos e as actividades do alumnado e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes.					
15. Utiliza sistematicamente procedementos e instrumentos variados de recollida de información.					
16. Utiliza suficientes criterios de avaliación que atendan de xeito equilibrado a avaliación dos diferentes contidos e das competencias clave.					
17. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación.					

	18. Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron alcanzados suficientemente.					
	19. Propón novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia.					
	20. Informa dos resultados os estudantes e as súas familias					
DIMENSIÓN	INDICADOR ES	1	2	3	4	5
	1. Proporciona un plan de traballo ao principio de cada tarefa.					

Motivación ao alumnado	2. Utiliza distintos recursos para introducir a unidade (lecturas, cancións, vídeos, debates, diálogos...).				
	3. Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade.				
	4. Informa sobre os progresos acadados e as dificultades detectadas.				
	5. Relaciona os contidos e actividades cos intereses do alumnado.				
	6. Estimula a participación activa dos estudantes na clase.				
	7. Promove a reflexión sobre os temas tratados.				

Para o alumnado:

INDICADORES	1	2	3	4
• Fago con regularidade as tarefas propostas polo profesorado.				
• Entrego os traballos segundo as indicacións dadas polo profesorado e nadada acordada				
• Participo activamente (achego ideas, axudo a resolver problemas, realizo amiña parte do traballo) nos traballos propostos en equipo.				
• Pregúntolle ao profesorado as dúbidas..				
• Solicito a axuda e a aprobación frecuente do profesorado.				
• Estou satisfeito do meu traballo				
• As cualificacións obtidas reflicten o meu esforzo e traballo.				
• Asisto regularme a clase.				
• Teño frecuentemente faltas de puntualidade				
• Xustifico os meus retrasos e faltas de asistencia ao/á titor/-a				
• Preocúpome por poñerme ao día na materia cando falto a clase.				
• Adopto unha actitude respectuosa co profesorado.				
• Adopto unha actitude respectuosa co alumnado.				
• Asumo responsabilidades.				
• Teño unha actitude positiva cara ao estudo				
• O que aprendo nunha materia aplícoo e relaciónoo con outras.				

Código: 1 (nunca); 2(poucas veces); 3 (case sempre), 4(sempre)

Avaliación da programación didáctica

A programación didáctica vaise revisar segundo se vaian acabando as diferentes

unidades didácticas, mais tamén durante a implementación das mesmas, xa que nos podemos deparar con determinados contidos que é preciso acrecentar ou eliminar segundo se foren desenvolvendo as diferentes unidades.

No momento da revisión, ao detectárense necesidades, pasaranse a incluír actividades para potenciar a oralidade, a escrita ou os contidos socioculturais que virmos necesarios.

Indicadores	1	2	3	4	5
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.					
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.					
3. O desenvolvemento da programación responde á secuenciación e á temporalización previstas.					
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.					
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.					
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.					
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.					
9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.					
10. Fixación dunha estratexia metodolóxica común co resto de departamentos de linguas (TIL)					
11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.					
12. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.					
13. Adecuación dos criterios estabelecidos para a avaliación final					
14. Adecuación dos criterios estabelecidos para a avaliación extraordinaria.					
15. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.					
instrumentos.					
17. Adecuación dos mecanismos para informar as familias sobre os criterios de promoción.					
18. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.					
19. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.					
20. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.					
21. Adecuación dos criterios estabelecidos para o seguimento de materias pendentes.					
22. Adecuación dos criterios estabelecidos para a avaliación desas materias pendentes.					
23. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.					
24. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.					
25. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.					
16. Adecuación dos mecanismos para informar as familias sobre criterios de avaliación, estándares e					

Atención para estudantes con NEAE

Cada vez máis contamos nas nosas aulas cun maior número de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE). Segundo o Decreto 86/2015 debemos incluír dentro

desta denominación aqueles alumnos e alumnas que:

- Presenten dificultades específicas de aprendizaxe.
- Teñan trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH).
- Teñan altas capacidades intelectuais.
- Se viron obrigados/as a incorporarse tardiamente ao noso sistema educativo.
- Posúan condicións persoais ou de historia escolar que así o recomenden.

A diversidade queda tamén reflectida nas diferenzas que presentan alumnas e a alumnos canto a:

- Os seus coñecementos previos.
- As súas ideas e representacións respecto da materia.
- Os seus intereses e expectativas.
- As súas aptitudes.
- Os seus diferentes ritmos de aprendizado.
- Os seus diferentes estilos de aprendizado.

Na medida das nosas posibilidades, teremos en conta estas diferenzas e trataremos de que todo o alumnado adquire un nivel de coñecementos e destrezas mínimos ao final de cada curso, procurando dar as oportunidades e os medios necesarios para compensar os elementos e destrezas non adquiridos no seu momento. Ao mesmo tempo, o profesorado terá que buscar novas fontes e materiais para satisfacer as necesidades de ampliación daqueles alumnos que alcancen máis rapidamente os obxectivos fixados. Todo isto compaxinando métodos máis visuais, máis analíticos... para se adaptar a eses diferentes estilos de aprendizaxe de que falábamos.

Ante un alumno ou alumna que presenta algún tipo de dificultade, o profesorado deberá pensar na forma de o axudar a superar as súas dificultades, cobrando especial importancia

as actitudes relacionadas coa valoración que o alumnado fai sobre a súa capacidade de utilizar e entender a lingua. O desenvolvemento dos hábitos de traballo pode contribuír notabelmente a superar moitas dificultades que se encontran na aprendizaxe da lingua estranxeira. Consideramos que a aprendizaxe de linguas estranxeiras contribúe á formación educativa do alumnado desde unha perspectiva global, favorecendo o desenvolvemento da súa personalidade, tendo en conta as distintas capacidades e ritmos de aprendizaxe, compensando as desigualdades e axudando á integración social.

Sintetizando, os principios básicos para o tratamento co alumnado con NEAE parten da inclusión na aula, da non discriminación e da igualdade efectiva. Para favorecer o cumprimento destes principios as actividades de aprendizaxe integradas responderán a tipoloxías e agrupamentos variados –favorecendo en moitos casos os agrupamentos flexíbeis– e gradadas en dificultade. No caso de que sexa preciso o profesorado elaborará materiais adaptados, así como probas específicas.

O alumnado con necesidades específicas terá unha adaptación destes instrumentos conforme as súas necesidades. Basicamente esta adaptación consistirá:

- Exames escritos máis curtos, con preguntas breves, cerradas, claras e con vocabulario o máis sinxelo posíbel. No entanto, estes exames teñen que ir adaptados ao nivel de estudos que cursa o alumno/a.
- Deixar máis tempo para a os exames e probas escritas, ser flexíbeis na súa duración e mesmo dividilas en dúas sesións
- Cando se observa que os exames escritos fican incompletos, completalos de forma oral.

Tamén debemos contemplar o apoio a aquelas alumnos e alumnos que participaren no programa Erasmus, os cales poderán manterse a par da actividade da materia a través da

aula virtual do Edixgal e da recepción do material, en formato papel, tratado polo resto de compañeiros durante a súa estadia no estranxeiro.

Actividades complementares

Exposicións, concertos, conferencias ou calquera actividade que teña lugar na cidade relacionada coa Lusofonía, será obxectivo do noso interese.

Durante o ano poderá xurdir a oportunidade de traer persoas falantes de lingua portuguesa,, coñecedoras da realidade e cultura dalgun país da Lusofonia para realizar a presentación de temas e asuntos que poidan ser de interese para os alumnos. É posíbel que algúns dos alumnos nunca teñan falado con unha persoa portuguesa anteriormente, e con certeza non en portugués. É importante que os alumnos e alumnas vexam que realmente poden comunicar con persoas lusófonas, en portugués. As datas para a realización destas actividades dependerá da disponibilidad das persoas convidadas

Contribución da programación ao Plano TIC, ao Plano Leitor e ao Plano de Convivencia da Escola.

As características da sociedade e do mercado de traballo atuais fazem incontornábel unha boa educación na utilización das **Tecnoloxías da Información e da Comunicación**, por esta razón o corpo docente utilizará as TIC nas aulas e nas actividades relacionadas coa escola (apresentacións en slides, uso do cadro digital, aulas virtuais, material multimédia, redes sociais, preparación de actividades, coordinación co corpo académico, utilización do sistema XADE, etcétera). Así sendo, o profesor preparará as actividades relacionadas coas TIC con antecedencia para que o seu uso se axuste claramente aos contidos e obxectivos pedagóxicos. Utilizaranse sitios web e redes educativas en que as alumnas e

alumnos poidan facer un mellor aproveitamento da información dispoñible e desenvolver habilidades de pesquisa e selección de información dunha maneira máis dirixida (Google Docs, Vimeo, aulas virtuais, blogues) . As alumnas e alumnos serán educados no respecto polo material da escola e na necesidade de utilizar as TIC de maneira ética e respeitosa. O uso das TIC será relacionado coa promoción da lectura, axudando as alumnas e alumnos a ter unha visión crítica para poder seleccionar e comprender adequadamente a información dispoñible na Internet. As alumnas e alumnos utilizarán as TIC de forma activa para procurar, obter e procesar información de maneira que poidan comprendela, integrala en esquemas previos de coñecemento e transmitiila de maneira eficaz. Tamén utilizarán as TIC para compilar e presentar información.

Un obxectivo primordial no ensino de linguas é formar lectores e lectoras competentes, isto é, que lean comprensivamente, que saiban interpretar o que len, que sexan capaces de emitir xuízos críticos, que reformulen e transformen contidos, que escriban para expresar e comunicar. Así, o profesorado deste departamento empregará na aula os tres tipos principais de lectura, aplicábeis a todo tipo de documento escrito, sexa cal for o formato ou soporte (libro, álbum, revista, xornal, páxina web, vídeo, folleto...) Lectura previa ou de aproximación global ao tema. Convén dar certas claves de lectura (estrutura do tema, preguntas ás que pretende responder o tema, interrelacións entre conceptos e contexto...).

- Lectura lenta e minuciosa para comprender as partes do texto . A intervención e colaboración do profesor é moi importante. É conveniente ler co alumnado e traballar os textos en clase por medio do subliñado, esquemas, resumos, mapas conceptuais...
- Lectura de síntese ou asimilación para elaborar de forma persoal e reter significativamente os conceptos e as súas relacións.

É importante subliñar que a lectura en voz alta -primeiramente por parte do profesorado- facilita a comprensión lectora e axuda a melloralala, máxime no caso do ensino do portugués.

Por outra parte, a escrita constitúe unha dimensión fundamental da lectura comprensiva e non é exaxerado afirmar que o acto de escribir convértese, cando é consciente, no modo máis operativo de comprender. Escribir permite o coñecemento sobre o contido temático e sobre o propio coñecemento. Dito doutro modo, unha persoa asimila mellor algo cando é

capaz de expresar por escrito o que sabe.

É por iso que, nas nosas aulas, trataremos de incentivar a realización de traballos de investigación breves en que o alumnado deberá buscar, seleccionar e tratar a información para responder ao reto plantexado polo docente ou polo grupo e o docente.

Neste tipo de traballos, o profesorado explicará claramente o que se pretende con eles e o que espera do alumnado, para o cal lle proporcionará, no mínimo:

- Un roteiro que conteña os aspectos a tratar.
- A bibliografía a consultar, tanto se se trata de documentos impresos, como se son páxinas web.
- Unha explicación do formato no que quere que se lle presente o resultado do traballo e as normas de presentación do mesmo.

O IES Rego de Trabe ten establecida a chamada “Hora da Lectura”, na cal durante 20 minutos, unha vez por semana, todos os alumnos e alumnas deben ler un libro. Esta “Hora da Lectura” non ocorre sempre no mesmo día, senón que vai mudando ao longo das semanas para non coincidir sempre na mesma materia.

Desde a materia de Portugués Segunda Lingua Estranxeira pódese contribuir fortemente a mellorar o **Convivencia das Alumnas e Alumnos no centro** colocando o foco nos contidos transversais incluídos nesta programación, na epígrafe “Elementos transversais”.

Conclusións

A intención desta programación é que as persoas do IES Nosa Señora dos Ollos Grandes que escolleron a materia de Portugués Segunda Lingua Estranxeira se sintam motivadas e integradas en actividades de aprendizaxe que lles permitan traballar as súas competencias e descubrir os seus talentos dentro e fóra das aulas de portugués: uso de procesadores de texto, pesquisas na Internet, redes sociais, lingua de comunicación con persoas de Portugal, Brasil ou Angola. Para motivar as e os discentes nas aulas contamos con unha metodoloxía focada para a simulación de situacións conversacionais reais, diálogos en loxas, gravacións de áudios, etc. En definitiva, esta programación pretende ser para as alumnas e alumnos unha porta aberta a todos os pobos lusófonos.

Lugo, setembro 2022

Profesor da materia:

Xosé Martínez Pedreiro



2º BACHARELATO SLE PORTUGUÉS II

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

2022/2023

IES Nosa Señora dos Ollos Grandes.

ÍNDICE

1.	INTRODUCCIÓN	2
2.	OBJECTIVOS XERAIS DO BACHARELATO	2
3.	CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE	3
4.	OBJECTIVOS XERAIS PORTUGUÉS II	4
5.	CONTIDOS	
5.2.	CONTIDOS PARA SLE- PORTUGUÉS II	5
6.	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	
6.2.	CRITERIOS PARA PORTUGUÉS II	6
7.	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. GRAO MINIMO DE CONSECUCIÓN	11
8.	METODOLOXÍA	14
9.	RECURSOS E MATERIAIS	15
10.	TEMPORALIZACIÓN	
10.1.	SLE- PORTUGUÉS II.....	15
11.	PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN	20
12.	CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	21
13.	MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	22
14.	ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	23
15.	AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE	24
16.	ACCÍONS DE CONTRIBUCIÓN AO PLANO LECTOR DO CENTRO.....	30

1. INTRODUCCIÓN

O alumnado ao que nos diriximos, 2º de Bacharelato, ten estudos previos de portugués e despois da A carga lectiva da materia é de dúas sesións de 75 minutos cada unha, nas segundas e terzas. No final do ano, espérase que os alumnos e alumnas teñan atinxido un nivel de lingua nas catro destrezas situado entre o B1 e o B2 do Marco común europeo de referencia para as linguas.

Esta programación ten como obxectivo despertar o interese polas expresións culturais e artísticas da cultura lusófona, valorizar o coñecemento da lingua portuguesa e considerala como unha ferramenta necesaria para se mover polo contexto global. Estes serán uns dos obxectivos primordiais, sen esquecermos que o aprendizado de portugués irá incidir positivamente no nivel de galego dos estudantes, da mesma forma que os coñecementos de galego irán facilitar a aprendizaxe da variante portuguesa.

2. OBXECTIVOS XERAIS DO BACHARELATO

Dende a materia de SLE Portugués contribuiremos á consecución dos obxectivos xerais do bacharelato, especialmente aqueles que selecciona a propia LOMCE, no desenvolvemento do currículo, para a consecución das capacidades que lle permitan ao alumnado ser quen de:

- Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución Española e do Estatuto de Autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade. **(a)**
- Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais. **(b)**
- Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade. **(c)**
- Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras. **(f)**
- Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado. **(p)**

Contribuiremos tamén para que o alumnado poida:

- Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal. **(d)**

- Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación. (g)

3. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Por tratarse da aprendizaxe dunha lingua, esta materia ten como obxectivo central ampliar o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado, entendida nun sentido amplo. Ademais pretende formar persoas que coñecen a diversidade do mundo no cal viven e manifestan tolerancia cara á diferenza. Por isto, mais alá da propia **competencia en comunicación lingüística (CCL)**, a través da introdución á lingua portuguesa, contribúese para a adquisición das outras competencias clave.

A finalidade primordial da materia é empregar a linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización do pensamento e das emocións e, ademais de ser a vía de coñecemento e contacto coa diversidade cultural, aspecto fundamental do contido da nosa materia. Desta maneira a **CCL** vaise traballar, desenvolver e adquirir en cada un dos cinco bloques de contidos e está relacionada con todos os estándares de aprendizaxe.

En canto ao resto das competencias clave, concretamos a continuación cada unha delas:

- **Competencia para aprender a aprender (CCA):** a formación dun alumnado competente para aprender por si mesmo e progresivamente autónomo, que sabe acceder ás fontes de información, seleccionar, relacionar contidos, reflexionar sobre tarefas académicas, etc. está presente en cada un dos contidos e ten relación con todos os estándares de aprendizaxe desta materia.
- **Competencia para a conciencia e as expresións culturais (CCEC) e a competencia social e cívica (CSC):** debido ás características e contidos da materia, centrada na adquisición de habilidades na comunicación oral e escrita e orientada ao coñecemento da cultura, nun sentido amplo, de Portugal e os países lusófonos, tamén estas competencias se concretan en practicamente todos os estándares.
- **Competencia dixital (CD):** dado que boa parte das ferramentas que se van empregar son fornecidas polas novas tecnoloxías, contribúese tamén a formar un alumnado con competencia dixital. Desde esta materia vaise contribuír a progresar nesta competencia mediante diversas actividades: uso de dicionarios e correctores dixitais; consulta de xornais dixitais; busca de información na rede sobre diferentes

contidos da materia e produción de textos dixitais; xogos de gramática e léxico en páxinas dixitais; medios audiovisuais a través da rede.

4. OBXECTIVOS XERAIS PARA PORTUGUÉS II

Tendo en conta o reparto de sesións por semana que ten esta o obxectivo xeral que nos marcamos é acadar ao final do curso un nivel medio alto en competencia pasiva e un nivel medio baixo en competencia activa.

Finalizado o **2º curso de Bacharelato**, o alumnado podería acadar as competencias equivalentes ao **nivel B2** para a competencia pasiva e **B1** para a competencia activa. Ademais de reforzar todo o adquirido en 1º, introduciránse novos contidos de estrutura da lingua e a ampliación de léxico que permita ao alumnado acadar as seguintes competencias:

- Competencia pasiva (B2):

Entender as ideas principais de textos complexos que traten de temas tanto concretos como abstractos, sempre que estean dentro do seu campo de coñecemento. Entende a falantes nativos en conversas sinxelas cun grao suficiente de fluidez e naturalidade.

- Competencia activa (B1):

Pode producir textos breves (orais e tamén escritos) sobre temas diversos así como defender, sobre temas xerais, o seu punto de vista entre varias opcións.

Resumidamente, ao finalizar a etapa do bacharelato, o alumnado que cursou portugués debe ter as destrezas necesarias para empregar o idioma de maneira minimamente suficiente, tanto na forma falada coma na escrita, en situacións cotiás que requiran comprender e producir textos breves, nunha variedade de lingua estándar, que versen sobre aspectos básicos concretos de temas xerais e que conteñan expresións, estruturas e léxico de uso frecuente.

5. CONTIDOS

A materia de Segunda Lingua Estranxeira está organizada en cinco bloques que se corresponden coas actividades de lingua que, tal como as define o MCER, supoñen o exercicio da competencia lingüística comunicativa dentro dun ámbito específico para procesar (en forma de comprensión ou de expresión) un ou máis textos co fin de realizar unha tarefa: comprensión de textos orais, produción de textos orais (expresión e interacción), comprensión de textos escritos e produción de textos escritos (expresión e interacción). Para a súa realización, estas actividades requiren a competencia comunicativa, polo que se inclúe un quinto bloque no que se recollen os elementos que abrangue

a competencia comunicativa (lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos), así como as experiencias lingüísticas noutras linguas. Todos estes elementos do quinto bloque relaciónanse entre si e interactúan na realización das actividades lingüísticas comunicativas de comprensión, produción e interacción.

5.1. CONTIDOS PARA SLE- PORTUGUÉS I

Os contidos de SLE-Portugués II son case idénticos aos de Portugués I, por seren practicamente idénticos os currículos dos que parte, aínda que debe variar, lóxicamente, o nivel de profundidade con que se desenvolven estes contidos. Non repetimos aquí, pois, os contidos xa expostos para SLE-Portugués I (ver programación 1º BAC), agás as mínimas diferenzas que existen:

- No produción de textos escritos, concretamente na elaboración de informes expositivos (**B 4.3**) debe contemplarse unha maior complexidade nas estruturas sintáctico-discursivas deste tipo de textos (subordinadas relativas, finais, causais...)
- No bloque 5, no tocante ao plurilingüismo (**B 5.4**), sinalaremos un contido específico para o 2º curso:
 - Recurso aos coñecementos e ás experiencias lingüísticas noutras linguas que coñece (patróns discursivos para a organización e ampliación ou reestruturación da información; elementos adecuados de coherencia e de cohesión textual para organizar o discurso, facer progresar o tema, etc.).
- B 5.7. Estruturas sintáctico-discursivas:

Neste apartado os contidos son tamén moi semellantes, mais aumenta o nivel de profundidade, pois ampliáanse diversos aspectos lingüísticos: o emprego de máis nexos na expresión das diversas relacións lóxicas; a ampliación na expresión de estruturas (exclamación, interrogación), de tempos verbais, de recursos para indicar o aspecto e as distintas modalidades e a maior riqueza na expresión da cantidade, do espazo, do tempo e do modo.

 - Expresión de relacións lóxicas: adición (*não só...como também; não só... também; além disso; nem sequer*); disxunción (*ou, ou...ou*); oposición/concesión (*mas, mesmo assim, embora;porém, no entanto; apesar de*); causa (*por causa disso; por causa de; daí que;devido a; por consequência*); finalidade (*para + Inf.; para que, a fim de que*); comparación (*mais/menos/tão/tanto + Adj./Adv./Subst. + (do) que/como/quanto,como se; bastante menos cansado; muito mais raro; resultado (assim, portanto); resultado/correlação (tão...que, tanto...que)*).
 - Expresión superlativo relativo (p. ex., *o rapaz mais distraído da turma*); superlativo absoluto (p. ex. *-errimo*);
 - Expresión da condición (conectores: *se, sem, desde que...*; formas verbais: *futuro de indicativo e de conjuntivo, simples e composto, pretérito e*

pretérito-mais-que-perfeito composto do conjuntivo, condicional simples e composto).

- Discurso indirecto (informacións, ofrecementos, suxestións e ordes) e indirecto libre.

- Afirmación (sentenzas declarativas afirmativas; deslocación de constituíntes).

- Negación (sentenzas declarativas negativas con *nem; não/nem... sequer; coisa nenhuma; apenas*).

- Interrogación (sentenzas interrogativas directas totais; sentenzas interrogativas directas QU- (p. ex., *De quem é a culpa?*); interrogativas *tag* (p. ex., *Isto é fácil, não é?*);

- Relacións temporais (*assim que, até que, apenas, mal + Conjuntivo*)

- Expresión do tempo: pasado (*pretérito imperfeito, perfeito simples e perfeito composto e pretérito mais-que-perfeito composto, gerúndio composto*); presente (*presente, gerúndio*); futuro (*futuro simple e composto; (+Adv.); haver-de*).

- Expresión do aspecto: puntual (tempos simples); durativo (presente, futuro imperfeito e pretérito imperfeito do indicativo (+ Adv.); *andar a + Inf.; ir + Ger., ir / vir a + Inf.*; habitual (tempos simples (+ Adv. *costumar + Inf.*); incoativo (*desatar a + Inf.*); iterativo (*pretérito imperfeito do indicativo; voltar a + Inf.*); terminativo (presente histórico, pretérito perfeito simples e composto, pretérito mais-que-perfeito composto e futuro perfeito do indicativo; *vir de + Inf.; chegar a + Inf.*).

- Expresión da modalidade: factualidade (frases declarativas); capacidade (é *capaz / incapaz de + Inf.; saber, poder com; conseguir + Inf.*); posibilidade/probabilidade (*ser possível / impossível + Inf.; tal vez; pode ser que + Conjuntivo.*, futuro imperfeito e perfeito); necesidade (*ser preciso / necessário + Inf. Pessoa(+ que + Conjuntivo.), precisar de + Inf.*); obrigación (*ser obrigatório + Inf.; imperativo; ser obrigatório que + Conjuntivo*); permiso (*poder + Inf.; ser possível/permitido + Inf.*); prohibición: (*não ser possível / permitido + Inf., ser proibido que*); intención (*pretérito imperfeito gostar de + Inf.; tratar de + Inf.; pensar + Inf.; querer que + Conjuntivo.; ir / haver de + Inf.*)

- Expresión da cantidade (Singular/Plural; Numerais cardinais e ordinais. Cantidade: p. ex. *bastante, a maior parte de, mais ou menos; ao menos 20 pessoas; perto de 30 km., duas vezes no máximo; um monte de gente*. Grao: p. ex. *consideravelmente; bastante bem; totalmente; tão de repente*).

- Expresión do espazo (preposicións e adverbios de lugar, localización, distancia, movemento, orixe, dirección).

- Expresión do tempo (expresións, preposición e locucións de tempo (momento puntual (p. ex., *meio-dia, daqui a uma semana, daqui a nada*), divisións (p. ex., *período, fim de semana, prazo, estação seca*) e indicacións de tempo (p. ex., *atrás, cedo, a 13 dias do evento*); duración (p. ex., *até; entre... e; por todo o dia; no período natalício*); anterioridade (*anteontem, já, a última vez que, há bocado, fazia pouco*); posterioridade (*mais tarde, na semana que vem, dentro de alguns dias, de hoje em diante, em breve*); secuencia (*em primeiro lugar, depois, em último lugar, para começar, seguidamente, em conclusão*); simultaneidade (*naquele momento, no mesmo tempo que, atualmente*); frecuencia (p. ex., *cada semana, uma vez por dia, regularmente*).

- Expresión do modo (expresións, preposicións e locucións prepositivas e modo, p. ex. *em excesso, ao gosto*).

6. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Seguimos o esquema do apartado anterior, coa división en cinco bloques que o currículo de Bacharelato desenvolve para as materias de aprendizaxe das linguas estranxeiras. Novamente, os criterios son moi semellantes no 1º e 2º cursos, coa lóxica ampliación no nivel de dificultade en aspectos como a velocidade de articulación nos textos para comprender, a fluidez esixible na emisión, a extensión maior nos textos ou o carácter máis complexo destes (temas máis abstractos, por exemplo) e do léxico máis específico neles empregado.

6.1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA SLE- PORTUGUÉS II

6.2.1. Comprensión de textos orais (Bloque 1)

- B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto.
- B1.2. Identificar o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves ou de lonxitude media, claramente estruturados, e transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a unha velocidade media, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que traten de aspectos concretos ou abstractos de temas xerais, sobre asuntos cotiáns en situacións correntes ou menos habituais, ou sobre os propios intereses nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional ou laboral, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito.
- B1.3. Comprender o esencial e a información relevante en situacións comúns, aínda que poidan necesitar unha xestión ou transacción menos habitual (explicacións a unha reclamación, cancelación dun servizo, etc.) que impliquen a solicitude de datos, realización de accións, formas de pagamento, etc.), sempre que lle poidan repetir o dito.
- B1.4. Comprender o esencial en conversas sinxelas, sobre argumentacións básicas, puntos de vista e opinións relativos a temas frecuentes do ámbito persoal ou público, suposicións e hipóteses, sensacións e sentimentos básicos, claramente estruturados e

articulados a unha velocidade lenta ou media, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.

- B1.5. Comprender o sentido xeral e información esencial en presentacións ben estruturadas sobre temas coñecidos e predicibles, e de programas de televisión tales como informativos, entrevistas ou anuncios e películas, sempre que as imaxes sexan suficientemente redundantes para facilitar a comprensión.

6.2.2. Producción de textos orais (Bloque 2)

- B2.1. Aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais breves ou de lonxitude media, aínda que poidan producirse pausas, vacilacións ocasionais ou reformulacións do que se quere expresar en situacións menos habituais ou en intervencións máis longas.
- B2.2. Interactuar, en situacións reais ou simuladas, con eficacia suficiente para narrar e describir experiencias, acontecementos, sentimentos, reaccións, desexos e aspiracións e plans ou proxectos; e intercambiar información pouco complexa, pedir e dar indicacións ou instrucións sinxelas con certo detalle, xustificar brevemente opinións e puntos de vista; formular hipóteses e facer suxestións, e expresarse sobre temas algo abstractos, como películas, música, libros, etc.
- B2.3. Intercambiar de xeito sinxelo pero eficaz, con pronuncia clara e intelixible, información en situacións de comunicación menos habituais, pero predicibles, nas que teña que expresar o acordo, o desacordo, o interese, a posibilidade e a imposibilidade, usando un repertorio de expresións frecuentes no ámbito público (doenzas, pequenas reclamacións, menús alternativos, accidentes, etc.), así como a expresión básica dos sentimentos e os intereses persoais, tales como satisfacción, desgusto, admiración e sorpresa.
- B2.4. Producir textos de extensión breve ou media, tanto cara a cara como por teléfono ou por outros medios técnicos, nun rexistro formal, neutro ou informal, cun discurso comprensible e adecuado á situación e utilizando as estratexias necesarias para iniciar, manter e facer progresar a comunicación.
- B2.5. Participar en situacións de comunicación formais que impliquen intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou indicacións habituais para tomar ou ceder a quenda de palabra, aínda que se poida necesitar a axuda da persoa interlocutora, e sendo quen de intercambiar información e opinións, dar instrucións, xustificar brevemente os motivos de accións e plans, e argumentar de xeito sinxelo pero eficaz.

6.2.3. Comprensión de textos escritos (Bloque 3)

- B3.1. Utilizar estratexias (recurso ás imaxes, a títulos e outras informacións visuais, e aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e das expresións non coñecidas.
- B3.2. Seguir instrucións e consignas básicas de carácter público, institucional ou corporativo.
- B3.3. Comprender información relevante en textos do seu interese, descritivos ou narrativos, de certa lonxitude e ben estruturados, nos que se informa de acontecementos, se describen accións, persoas, obxectos e lugares, e se manifestan opinións, crenzas ou valores con expresións sinxelas.
- B3.4. Comprender en textos formais un repertorio básico de expresións fixas para rexeitar (agradecendo ou xustificando), acceder (con reservas ou condicións); expresar posibilidade, imposibilidade ou obriga de facer algo; conceder e denegar (con ou sen obxeccións); aconsellar, recomendar ou animar a facer algo.
- B3.5. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves ou de lonxitude media e ben estruturados, escritos nun rexistro formal, informal ou neutro, que traten de asuntos cotiáns ou menos habituais, de temas de interese ou relevantes para os propios estudos, a ocupación ou o traballo, e que conteñan estruturas e un léxico de uso común, tanto de carácter xeral como máis específico.

6.2.4. Producción de textos escritos (Bloque 4)

- B4.1. Coñecer, seleccionar e aplicar as estratexias máis adecuadas para elaborar textos escritos sinxelos de lonxitude breve ou media (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final), incorporando esquemas e expresións de textos modelo con funcións comunicativas similares ao texto que se quere producir.
- B4.2. Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal ou relativa aos seus estudos ou á súa formación.
- B4.3. Escribir mensaxes breves, en calquera soporte, con información, instrucións e indicacións básicas e opinións sinxelas, destacando os aspectos que resulten importantes ou do seu interese para o tema que se trate.
- B4.4. Producir correspondencia formal básica para solicitar ou dar información relativa a bens e servizos, a partir de modelos sinxelos e básicos, actuando como mediación lingüística, de ser o caso, cunha presentación do texto limpa e ordenada.

- B4.5. Escribir, en papel ou en soporte electrónico, textos breves ou de lonxitude media, coherentes e de estrutura clara, sobre temas de interese persoal, ou asuntos cotiáns ou menos habituais, nun rexistro formal, neutro ou informal, utilizando adecuadamente os recursos de cohesión, as convencións ortográficas e os signos de puntuación máis comúns, e amosando un control razoable de expresións e estruturas, e un léxico de uso frecuente, tanto de carácter xeral como máis específico dentro da propia área de especialización ou de interese.

6.2.5. Coñecemento da lingua e consciencia intercultural e plurilingüe (Bloque 5)

- B5.1. Expresarse de xeito claro e comprensible e coa suficiente fluidez para facerse entender, aínda que poidan producirse pausas e mesmo se as persoas interlocutoras poden necesitar repeticións cando se trata de palabras e estruturas pouco frecuentes, en cuxa articulación poden cometerse erros que non interrompan a comunicación.
- B5.2. Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas, de puntuación e de formato máis frecuentes con razoable corrección de modo que se comprenda a mensaxe, aínda que pode darse algunha influencia da primeira ou doutras linguas; e saber manexar os recursos básicos de procesamento de textos para corrixir os erros ortográficos dos textos que se producen en formato electrónico, e adaptarse ás convencións comúns de escritura de textos en internet.
- B5.3. Utilizar, para a comprensión e a produción de textos orais e escritos, os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos á vida cotiá (hábitos e actividades de estudo, traballo e lecer), condicións de vida e contorno socioeconómico, relacións interpersoais (xeracionais ou nos ámbitos educativo, ocupacional e institucional), e convencións sociais (actitudes e valores), así como os aspectos culturais xerais que permitan comprender e expresar adecuadamente información e ideas presentes nos textos.
- B5.4. Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.
- B5.5. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.
- B5.6. Distinguir e levar a cabo as funcións requiridas polo propósito comunicativo e un repertorio dos seus expoñentes máis comúns, así como patróns discursivos habituais para iniciar e concluír o texto

adecuadamente, organizar a información de xeito claro, ampliála con exemplos ou resumíla.

- B5.7. Coñecer e utilizar léxico escrito de uso común relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos propios intereses, os estudos e as ocupacións, e un repertorio limitado de expresións e modismos de uso frecuente.

7. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN

Referidos aos cinco bloques do currículo e tomando como referencia a finalización dos dous períodos ou cursos en que se divide a aprendizaxe desta lingua, serían os seguintes:

7.1. Comprensión de textos orais

- Comprende o sentido global e a información relevante de textos orais breves de medios audiovisuais ou de internet, como instrucións e comunicados, con estruturas previamente traballadas, léxico común relacionado con necesidades inmediatas e accións habituais, sempre que se fale de xeito moi pausado e ben articulado, e poida volver escoitar o dito.
- Comprende a información esencial en conversas breves nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un/unha mesmo/a, a familia, a escola, o tempo libre, descrición básica dunha persoa, un obxecto ou un lugar, un suceso, estados de ánimo, sensacións e sentimentos persoais.

7.2. Producción de textos orais

- Na maioría das actividades de aula, amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións.
- Utiliza de xeito espontáneo as formas de cortesía máis sinxelas e habituais relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións, colaborando para entender e facerse entender, e fai e responde intelixiblemente preguntas sinxelas sobre si mesmo/a e sobre actividades moi comúns da vida social diaria e do tempo libre, en

situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar.

- Desenvólvese entendendo o suficiente e facéndose entender en situacións moi habituais relacionadas coa xestión e transaccións moi sinxelas relativas a necesidades inmediatas, nas que pide e dá información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades máis comúns para a súa idade e o seu nivel escolar.
- Participa en conversas informais breves e básicas, cara a cara, e reacciona adecuadamente para establecer contacto social, intercambiar información básica, manifestar os seus gustos, facer ofrecementos elementais (convidar a ir a unha actividade, pedir ou ofrecer algo na clase, etc.), e pedir e dar indicacións básicas para ir a un lugar, realizar unha actividade, etc.
- Preséntase e dá e obtén información básica e sinxela sobre si mesmo/a e sobre o funcionamento de bens e servizos relativos a temas moi cotiáns (horarios dun museo, maneira de chegar, etc.), en conversas moi básicas sobre temas predicibles.

7.3. Comprensión de textos escritos

- Comprende con fluidez textos adaptados relativos a temas do seu interese.
- Comprende avisos, obrigas, prohibicións e consignas básicas e predicibles, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura sinxela, especialmente se contan con apoio visual.
- Comprende información básica e sinxela de correspondencia persoal breve na que se fala de si mesmo/a e sobre sentimentos, preferencias e afeccións, referidos a temas cotiáns e propios da súa idade.
- Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo, e con apoio visual, sobre temas coñecidos como actividades escolares e de lecer, hábitos saudables, etc., próximos á súa idade e á súa experiencia.

7.4. Producción de textos escritos

- Elabora textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados traballados previamente, para transmitir información ou con intencións comunicativas propias da súa idade e do seu nivel escolar.
- Completa un cuestionario sinxelo con información persoal moi básica e relativa aos seus datos persoais, aos seus intereses ou ás súas afeccións.
- Escribe avisos, notas, instrucións, tarxetas postais, felicitacións e mensaxes en soporte dixitalmoi sinxelas e breves, relativos a actividades presentes e a necesidades inmediatas.
- Escribe correspondencia breve e sinxela, a partir dun modelo, substituíndo unha palabra ou expresión por outra para unha funcionalidade ou tarefa determinada (informar, preguntar, convidar, etc.), tanto de forma manuscrita como en formato dixital, cunha presentación limpa e ordenada.
- Redacta textos expositivos e argumentativos breves sobre temas relacionados cos seus intereses.

7.5. Coñecemento da lingua e consciencia intercultural e plurilingüe

- Identifica sons e grafías de fonemas básicos, produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas básicas, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.) e persevera no uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.
- Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto polas diferenzas que poidan existir en aspectos culturais.
- Participa en proxectos (elaboración de folletos, carteis, presentacións, etc.) relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.
- Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información sobre datos persoais, felicitar, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, básicos e traballados previamente.

- Coñece e valora os aspectos máis sobranceiros da historia, xeografía e da cultura dos países lusófonos (música, arte, literatura, folclore, gastronomía...)

8. METODOLOXÍA

A metodoloxía empregada nesta materia debe ter un claro enfoque comunicativo e desenvolver as capacidades básicas que se marcan no MECR : escoitar, falar, ler e escribir. Así mesmo, o proceso de ensino debe estar dirixido non só á transmisión de coñecementos, senón tamén ao desenvolvemento por parte do alumnado de habilidades e estratexias de planificación da propia actividade de aprendizaxe, que contribúan á súa madurez.

A metodoloxía estará sempre en función do desenvolvemento das competencias básicas, incidindo de maneira particular naquelas que se encontran máis presentes nesta materia (a competencia en comunicación lingüística), mais tamén as competencias para aprender a aprender, social e cidadá e tratamento da información e competencia dixital, como xa expuxemos anteriormente.

O traballo de aula dirixido polo profesor/a será a ferramenta clave, tanto a nivel individual como de grupo, mais procuraremos a intercomunicación oral entre o alumnado, a súa participación activa na dinámica da aula e promoveremos que desenvolvan as súas ideas e iniciativas para que o proceso de aprender lles resulte máis motivador.

Orientaremos o noso traballo cara ao tratamento integrado de todas as linguas estudadas polo alumnado, de xeito que os contidos e as estratexias que se traballan nunha lingua poidan servir igualmente para a adquisición doutras. Nese sentido, o feito de o portugués e o galego pertenceren ao mesmo sistema lingüístico propiciará un achegamento máis rápido á variedade lusa, pois podemos aproveitar as estruturas lingüísticas que cada alumno/a ten xa interiorizadas desde o galego.

É preciso facer fincapé no que se asemellan as dúas variantes e no que se distinguen, cuestión na que hai que incidir nos distintos campos: ortografía, fonoloxía, prosodia, morfosintaxe, léxico e fraseoloxía. O achegamento ao léxico farase tamén desde a óptica dunha lingua irmá en vías de normalización e cun proceso de estandarización moi recente e aínda aberto, pretendendo axudar así a que o alumnado galegofalante, que ten interiorizado grande cantidade de castelanismos, poida depuralos e que non se afiancen aínda máis ao traducir do portugués ao castelán. Neste ámbito do léxico, o estudo do portugués conta tamén coa presenza dos chamados “falsos amigos”, que debemos combater para que non se consoliden na aprendizaxe.

xe.

Por último, promoveremos a diversidade dos textos, tanto na súa tipoloxía como no formato, e a utilización de fontes e recursos de información variados: a prensa, a información tirada de internet, a lectura de textos literarios adaptados ao nivel do alumnado ou a audición de textos musicados han de ser ferramentas de uso frecuente que, ademais de afondar na competencia lingüística, nos permitirán acrecentar o coñecemento do alumnado da cultura e realidade dos territorios da lusofonía. Nesta competencia cultural será moi importante a elaboración de traballos de investigación e a posterior exposición na aula

9. RECURSOS E MATERIAIS

No 2º curso (con tres sesións semanais) será necesario ampliar os contidos, especialmente no bloque referido ás estruturas sintáctico-discursivas (B 5.7). Non usaremos libro de texto, seguindo a metodoloxía anteriormente exposta, empregaránse nas clases materiais en papel ou soporte dixital, de natureza diversa. Faremos uso do ordenador como un recurso que lle abra ao alumnado o abano de posibilidades de contactar coa lingua portuguesa para procurar informacións, practicar a comprensión de textos escritos e audiovisuais e achegarse á realidade e cultura dos países lusófonos. Así pois, será habitual a consulta de dicionarios dixitais (*Infopédia, Priberam*) e páxinas e portais sobre a lingua, a literatura e cultura portuguesa (*Civerdúvidas, Só Português, RTP Ensina...*), a lectura de prensa dixital e a utilización de medios de comunicación audiovisual.

10. TEMPORALIZACIÓN

As 8 unidades en que se divide o curso serán divididas como se especifica a seguir.

10.1. SLE- PORTUGUÉS II

1ª avaliación

▪ **Unidade 1: O que é ser portugués?**

Obxectivos comunicativos	Competencia sociocultural	Textos orais e escritos
<ul style="list-style-type: none"> - Apresentar-se - Trocar informacións persoais. Expor opinión - 	<ul style="list-style-type: none"> - Usos e costumes - Tradicións, estereotipos. - Actitudes e valores. 	<ul style="list-style-type: none"> - Texto de opinión. - Texto expositivo - Poema.

Competencia fonolóxica e ortográfica	Competencia morfosintáctica	Competencia lexical
<ul style="list-style-type: none"> • Palabras com : -z- e -ç- • Acentuación gráfica. Revisión. 	<ul style="list-style-type: none"> Infinitivo persoal Presente do conjuntivo Revisións 	<ul style="list-style-type: none"> Costumes. Estereotipos Preconceitos.

▪ **Unidade 1 :Onde moras?**

Obxectivos comunicativos	Competencia sociocultural	Textos orais e escritos
<ul style="list-style-type: none"> -Pedir informacións sobre puntos de interese -Localizar moradas en mapas -Falar sobre locais na cidade e sobre o seu bairro -Falar sobre a vida no campo 	<ul style="list-style-type: none"> Localización rexións de Portugal Identificación das principais localidades Freguesia, concello, distrito 	<ul style="list-style-type: none"> - Folleto/mapa turístico - Emails informais - Páxinas webs de inmobiliarias.

Competencia fonolóxica e ortográfica	Competencia morfosintáctica	Competencia lexical
<ul style="list-style-type: none"> • Palabras com s, -ss-, • Acentuación gráfica. Revisión 	<ul style="list-style-type: none"> Subordinación: conxuncións e locucións temporais Diferenza entre “a”, “para” e “por” O infinitivo persoal - Imperfeito de conjuntivo 	<ul style="list-style-type: none"> Vocabulario relativo ao campo e á cidade Tipos de vivenda e establecementos comerciais. Vocabulario relacionado coa natureza

▪ **Unidade 2 : Vamos ao teatro ou ao cinema?.**

Obxectivos comunicativos	Competencia sociocultural	Textos orais e escritos
<ul style="list-style-type: none"> - Falar sobre o estado do tempo - Facer plans e suxestións -Expresar preferencias e desexos - Falar de hábitos no pasado - Relacionar accións e procesos no pasado -Describir situacións e persoas no pasado 	<ul style="list-style-type: none"> - O tempo libre para os portugueses - <i>Cultura dos países lusófonos I</i> 	<ul style="list-style-type: none"> - Folleto turístico - Boletín meteorolóxico - Anuncios, carteis. - Textos informativos, narrativos, descritivos - Conversas - Páxina web dun centro cultural

--	--	--

Competencia fonolóxica e ortográfica	Competencia morfosintáctica	Competencia lexical
<ul style="list-style-type: none"> • Letras <i>b</i> e <i>v</i> 	<ul style="list-style-type: none"> - Pret. Impf. Indic. (P.I. I.) - Expresións de tempo - Contraste: P.P.S e P.I.I. - <i>Enquanto/ entretanto/ quando</i> - <i>Frases condicionais</i> 	<ul style="list-style-type: none"> - Tempo meteorolóxico - Tempo libre - Deportes - Espectáculos

2ª avaliación

▪ Unidade 4 : Quer saquinho ?

Obxectivos comunicativos	Competencia sociocultural	Textos orais e escritos
<ul style="list-style-type: none"> - Agradecer - Trocar informacións no comercio - Dar e pedir suxestións e consellos - Describir obxectos, roupa, calzado e accesorios - Falar sobre tradicións relacionadas con regalos - Obter bens e servizos - Comprender convites diversos 	<ul style="list-style-type: none"> - Agradecementos - Interacción nos comercios - Tradicións e regalos - O euro - Festas e tradicións populares 	<ul style="list-style-type: none"> - Anuncios - Páxina web de centros comerciais - Textos informativos simples - Anuncios - Presentacións dialogadas - Entrevistas

Competencia fonolóxica e ortográfica	Competencia morfosintáctica	Competencia lexical
<ul style="list-style-type: none"> • Letras <i>s</i>, <i>z</i> e <i>x</i> [z] • Contraste entre os sons [s] e [z] 	<ul style="list-style-type: none"> - Relativos invariábeis - Contracción dos pronomes CI e CD - Imperativo (II) - Futuro do conxuntivo (1) 	<ul style="list-style-type: none"> - Compras - Establecementos comerciais - Roupas, accesorios - Formas, materiais, tamaños

▪ Unidade 5 : Não devo comer isso. Alimentação e saúde.

Obxectivos comunicativos	Competencia sociocultural	Textos orais e escritos
<ul style="list-style-type: none"> - Trocar información en restaurantes - Marcar unha consulta médica - Describir síntomas - Falar sobre gustos e preferencias - Expresar probabilidades e 	<ul style="list-style-type: none"> - Gastronomía e tradicións relacionadas coa comida e bebida - Doenças e alimentación saudábel. - Coronavírus em Portugal. 	<ul style="list-style-type: none"> - Receitas - Menús - Guía e crítica de restaurantes en internet - Textos informativos e argumentativos - Conversa telefónica.

posibilidades - Expresar evidencia e certeza - Falar sobre horarios -Dar e pedir opinión		- Ler bulas de medicamentos
---	--	-----------------------------

Competencia fonolóxica e ortográfica	Competencia morfosintáctica	Competencia lexical
<ul style="list-style-type: none"> • Son das letras <i>ch,s, z e x</i> • Dígrafos: <i>nh e lh</i> 	<ul style="list-style-type: none"> - Presente de subxuntivo - <i>Se calhar vs. talvez</i> - Construcións impersonais + <i>que</i> - Verbos de opinión, sentimento e dúbida en oracións completivas - Futuro do conxuntivo (II) 	<ul style="list-style-type: none"> - Compras no supermercado - Receitas - Menús - Comidas e bebidas - Tipos de establecementos de comida -Vocabulario relacionado coa saúde e coidados médicos: doenzas, síntomas, exames de diagnóstico, tipos de medicamentos e outros tratamentos

▪ **Unidade 6 : Fiquei sem batería, cara!**

Obxectivos comunicativos	Competencia sociocultural	Textos orais e escritos
<ul style="list-style-type: none"> - Postar informacións nas redes sociais. - Trocar mensaxes no whatsapp. - Navegar polas páxinas web e internet. - Falar sobre aparellos electrónicos. 	<ul style="list-style-type: none"> - Invencións portuguesas e brasileiras para o mundo - A tecnoloxía na nosa sociedade. - Internet e redes sociais. - Língua do Brasil. Sociedade. Estados. 	<ul style="list-style-type: none"> - Textos técnicos. - Manuais de instrucións. - Língua do Whatsapp

Competencia fonolóxica e ortográfica	Competencia morfosintáctica	Competencia lexical
<ul style="list-style-type: none"> • Ditongos nasais. • Principais traços da fonética do portugués do Brasil. 	<ul style="list-style-type: none"> - Conectores de adición. - Frases condicionais. - Futuro do conxuntivo (II) 	<ul style="list-style-type: none"> - Vocabulário da internet e do ámbito tecnolóxico. - Brasileirismos mais conhecidos.

3ª avaliación

▪ **Unidade 7 :Não há planeta B.**

Obxectivos comunicativos	Competencia sociocultural	Textos orais e escritos
<ul style="list-style-type: none"> - Facer un test sobre reciclaxe - Comentar información sobre o impacto das alteracións climáticas.. - Falar sobre prácticas en prol da sustentabilidade do planeta 	<ul style="list-style-type: none"> - Enerxías renovábeis. - O sobreiro, a cortiça 	<ul style="list-style-type: none"> - Texto informativo. - Texto argumentativo.

Competencia fonolóxica e ortográfica	Competencia morfosintáctica	Competencia lexical
<p>Novo acordó ortográfico.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Expresión do futuro. (revisión) - Futuro composto do indicativo - Verbos + preposicións (dar, ficar e passar) 	<ul style="list-style-type: none"> - Ecoloxía. - Sustentabilidade ambiental. - Praticas ecolóxicas (reciclaxe, Uso do plástico..)

▪ **Unidade 8 : Lusofonia**

Obxectivos comunicativos	Competencia sociocultural	Textos orais e escritos
<ul style="list-style-type: none"> - Expresar causa, modo, condición e concesión. - Dar ordens e fazer pedidos. - Descrever um país. 	<ul style="list-style-type: none"> - Descubrimentos. - Brasil. - PALOP - Cultura afro-brasileira 	<ul style="list-style-type: none"> - Crónica - Ementa e receita. - Relatos de experiencia. - Texto expositivo e e-mail. - Resumo.

Competencia fonolóxica e ortográfica	Competencia morfosintáctica	Competencia lexical
<ul style="list-style-type: none"> - Uso do hífen – palabras compostas. - Revisión. 	<ul style="list-style-type: none"> - Conectores de contraste e de adición (revisión). - Frases condicionais (revisión) - Revisións. 	<ul style="list-style-type: none"> - - Xeografía. - Música e danza. - Vocabulário do Brasil e PALOP. - Relixión - Gastronomía.

11. PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN

Dado que o proceso de avaliación debe ser continuo, terase en conta o **rendemento no traballo da aula**. Esta avaliación non consistirá só na comprobación da asimilación dos contidos por parte do alumnado, senón tamén na observación do seu esforzo, participación activa, capacidade comunicativa e calquera iniciativa que complete a actividade na aula.

Neste **traballo diario** teremos en conta os seguintes **instrumentos de avaliación**:

- O control da **realización e corrección dos exercicios** propostos aos alumnos.
- As **tarefas complementarias e de reforzo** que se propoñan para cada unidade: redacción de textos (que irán incrementando a súa extensión e dificultade progresivamente), consultas de vocabulario, traballos de investigación sobre os contidos da competencia sociocultural (que serán sempre escritos e posteriormente expostos na aula) e lecturas voluntarias.

A práctica da oralidade avaliaráse coa lectura de textos en voz alta, cos exercicios orais e as audicións de textos do manual, dialogando cos compañeiros en simulacións de escenas da vida cotiá, facendo exposicións, individuais ou en grupos, sobre os temas vistos en cada unidade e facendo audicións de textos diversos da Internet.

Ademais de ter en conta o traballo diario na aula, as competencias e os coñecementos do alumnado valoraranse a través de **probos obxectivos e regradas** ao longo das tres avaliacións, que medirán a progresión na adquisición das destrezas básicas (comprender textos orais e escritos e producir textos orais e escritos), así como o seu interese por ampliar a súa consciencia intercultural e plurilingüe. Estas probas, das cales se realizará unha de cada tipo, como mínimo, por avaliación, consistirán en:

- Proba escrita, na que se valorará:
 - Comprensión e produción de textos escritos (Bloques 3,4)
 - Competencia gramatical e lexical (B. 5)
 - Competencia sociocultural (B. 5)

- Proba oral-escrita, na que se valorará :
 - Comprensión de textos orais (B.1)
 - Produción de textos escritos (B.4)
 - Competencia gramatical e lexical (B. 5)
 - Competencia sociocultural (B. 5)

12. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

1. Ao final de cada trimestre, e mediante os procedementos mencionados no apartado anterior, avaliarase o alumnado segundo o seguinte reparto porcentual por bloques:

Comprensión de textos orais (Bloque 1)	20 %
Producción de textos orais (B.2)	20 %
Comprensión de textos escritos (B. 3)	20 %
Producción de textos escritos (B. 4)	20 %
Coñecemento da lingua e consciencia intercultural e plurilingüe (B. 5)	20 %

2. A relación entre os instrumentos de avaliación e a cualificación obtida basearase no seguinte reparto:

- O traballo diario da aula, incluídas as tarefas complementarias requiridas, suporá o **20%** da nota. Así pois, non realizar estas tarefas, ou realizalas de forma descoidada ou insuficiente, poderá **restar ata 2 puntos** na cualificación.
- As probas regradas suporarán o **80%** da nota.

3. Para superar a materia o alumno ou alumna terá que conseguir unha nota media final de **5 puntos sobre 10**.
4. De non dar superado a materia dese xeito, optarán a unha **proba final**. Estas probas constarán dunha parte escrita que suporá o 100% da nota final.

Para a súa superación deben obterse **5 puntos sobre 10**.

5. Se a materia ficar **pendente**, os alumnos recibiran ao comezo de curso seguinte unha serie de actividades de reforzo e repaso e realizarán dous exames parciais ao longo do curso. De non superaren estes exames, serán convocados a un exame final, segundo o calendario oficial deseñado pola xefatura de estudos.

13. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Cada vez máis contamos nas nosas aulas cun maior número de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE). Segundo o Decreto 86/2015 debemos incluír dentro desta denominación aqueles alumnos e alumnas que:

- Presenten dificultades específicas de aprendizaxe.
- Teñan trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH).
- Teñan altas capacidades intelectuais.
- Se viron obrigados/as a incorporarse tardiamente ao noso sistema educativo.
- Posúan condicións persoais ou de historia escolar que así o recomenden.

A diversidade queda tamén reflectida nas diferenzas que presentan alumnas e a alumnos canto a:

- Os seus coñecementos previos.
- As súas ideas e representacións respecto da materia.
- Os seus intereses e expectativas.
- As súas aptitudes.
- Os seus diferentes ritmos de aprendizaxe.
- Os seus diferentes estilos de aprendizaxe.

Na medida das nosas posibilidades, teremos en conta estas diferenzas e trataremos de que todo o alumnado adquira un nivel de coñecementos e destrezas mínimos ao final de cada curso, procurando dar as oportunidades e os medios necesarios para compensar os elementos e destrezas non adquiridos no seu momento. Ao mesmo tempo, o profesorado terá que buscar novas fontes e materiais para satisfacer as necesidades de ampliación daqueles alumnos que alcancen máis rapidamente os obxectivos fixados. Todo isto compaxinando métodos máis visuais, máis analíticos... para se adaptar a eses diferentes estilos de aprendizaxe de que falábamos.

Ante un alumno ou alumna que presenta algún tipo de dificultade, o profesorado deberá pensar na forma de axudar a superar as súas dificultades, cobrando especial importancia as actitudes relacionadas coa valoración que o alumnado fai sobre a súa capacidade de utilizar e entender a lingua. O desenvolvemento dos hábitos de traballo pode contribuír notabelmente a superar moitas dificultades que se encontran na aprendizaxe da lingua estranxeira.

Consideramos que a aprendizaxe de linguas estranxeiras contribúe á formación educativa do alumnado desde unha perspectiva global, favorecendo o desenvolvemento da súa personalidade, tendo en conta as distintas capacidades e

ritmos de aprendizaxe, compensando as desigualdades e axudando á integración social.

Sintetizando, os principios básicos para o tratamento co alumnado con NEAE parten da inclusión na aula, da non discriminación e da igualdade efectiva. Para favorecer o cumprimento destes principios as actividades de aprendizaxe integradas responderán a tipoloxías e agrupamentos variados –favorecendo en moitos casos os agrupamentos flexíbeis– e gradadas en dificultade. No caso de que sexa preciso o profesorado elaborará materiais adaptados, así como probas específicas.

O alumnado con necesidades específicas terá unha adaptación destes instrumentos conforme as súas necesidades. Basicamente esta adaptación consistirá:

- Exames escritos máis curtos, con preguntas breves, cerradas, claras e con vocabulario o máis sinxelo posíbel. No entanto, estes exames teñen que ir adaptados ao nivel de estudos que cursa o alumno/a.
- Deixar máis tempo para a os exames e probas escritas, ser flexíbeis na súa duración e mesmo dividilas en dúas sesións
- Cando se observa que os exames escritos fican incompletos, completalos de forma oral

14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

A participación en actividades que apoiem o traballo da aula e proporcionen ao alumnado novos contextos de uso é un aspecto moi importante na aprendizaxe de linguas. Porén, consideramos que as nosas posibilidades están moi limitadas, pois a oferta de actividades culturais arredor do mundo lusófono é escasa.

Seguiremos a axenda do Centro Cultural do Instituto Camões, con sede en Vigo, á procura de actividades como: teatro, exposicións, proxección de filmes, actos relacionados coa música ou a literatura producida nos países de fala portuguesa, etc. Tamén, neste sentido, pode resultar interesante informármonos sobre as actividades culturais levadas a cabo polas universidades e escolas de idiomas, desde os seus departamentos de portugués.

Unha actividade posible é a realización dun coloquio con persoas de fala portuguesa e coñecedoras da realidade do seu país en calquera aspecto interesante para o alumnado: sistema educativo, historia, literatura, música...

15 . Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente

Durante o ano académico farase un seguimento regular da programación nas reunións de seminario e, ao final de cada avaliación, avaliarase:

- O cumprimento da temporalización
- Logro dos obxectivos
- Dificultades encontradas
- Cumprimento dos acordos
- Idoneidade dos recursos
- Necesidades detectadas
- Resultados conseguidos
- Adecuación da metodoloxía aos resultados conseguidos na avaliación
- Valoración dos criterios de cualificación

Con este fin, responderanse, regularmente os diferentes Indicadores de Logro, conforme o cadroque presentamos na páxina seguinte.

Alén diso, no fin do ano académico, pedirase ao alumnado para responder un inquérito sobre o desenvolvemento da práctica docente.

Na Memoria de final de curso, analizaranse as deficiencias e adecuación, segundo o caso, observadas á hora de pór en práctica a programación.

Canto aos **Indicadores de logro**, a medida establecerase entre o 1 e o 5, do seguinte xeito:

- Nunca (1)
- Poucas veces (2)
- Frecuentemente (3)
- Case sempre (4)
- Sempre (5)

Estes Indicadores de Logro cubriranse cos resultados da enquisa para a **Avaliación do Labor Docente** realizada polo alumnado de xeito anónimo, a través dun formulario virtual.

Indicadores de logro do proceso de ensino

INDICADORES	1	2	3	4	5
1. O nivel de dificultade, en xeral, foi adecuado ás características do alumnado.					
2. As actividades para desenvolver a competencia oral eran axeitadas para o curso-grupo					
3. As actividades para desenvolver a competencia escrita eran axeitadas para o curso-grupo					
4. Combinouse adecuadamente explicación por parte da profesora e práctica.					
5. As actividades foron, en xeral, motivadoras					
6. Combináronse axeitadamente as actividades TIC con actividades tradicionais					
7 As actividades TIC resultaron motivadoras					
8. O emprego de música e de vídeos-musicais axudou no proceso de aprendizaxe					
9. O emprego de filmes axudou no proceso de aprendizaxe					
10. Os textos escritos e diferentes fichas entregadas axudaban no proceso de aprendizaxe					
11. Atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado.					
12. Usáronse distintos instrumentos de avaliación para atender os diferentes aspectos.					

Indicadores de logro do proceso da práctica docente

Para o profesorado:

DIMENSIÓN	INDICADORES	1	2	3	4	5
Planificación	1. Ten en conta os estándares de aprendizaxe.					
	2. Ten en conta os plans e proxectos educativos do centro.					
	3. Ten en conta o tempo dispoñíbel para o desenvolvemento da materia.					
	4. Formula os obxectivos didácticos de forma que expresen as competencias a acadar polo alumnado.					
	5. Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe e das necesidades do alumnado.					
	6. Planifica as clases de modo flexíbel, preparando actividades e recursos axustados á programación da aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado.					
	7. Estabelece, de forma explícita, os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación.					
	8. Coordínase co resto do profesorado do departamento e do centro que poidan ter contidos afíns (Tratamento Integrado de Linguas).					
	9. Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos na normativa legal vixente.					
DIMENSIÓN	INDICADORES	1	2	3	4	5
	1. Organiza os contidos dando unha visión xeral de cada tema (índices, esquemas...)					
	2. Relaciona os conceptos novos cos xa coñecidos.					
	3. Mostra predisposición para esclarecer dúbidas dentro e fóra das					

Desenvolvemento	clases.					
	4. Optimiza o tempo dispoñíbel para o desenvolvemento das Unidades didácticas.					
	5. Utiliza as TICs para apoiar os contidos na aula.					
	6. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída co alumnado.					
	7. Desenvolve os contidos dunha forma ordenada e comprensíbel para os alumnos e as alumnas.					
	8. Elabora actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe.					
	9. Presenta actividades de grupo e individuais.					
	10. Facilita estratexias de aprendizaxe (como buscar información, como resolver problemas,...)					
	11. Detecta os coñecementos previos a cada tarefa de aprendizaxe.					
	12. Revisa, con frecuencia, os traballos propostos na aula e fóra dela.					
	13. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como poder melloralas.					
	14. Corrixe e explica de forma habitual os traballos e as actividades do alumnado e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes.					
	15. Utiliza sistematicamente procedementos e instrumentos variados de recollida de información.					
	16. Utiliza suficientes criterios de avaliación que atendan de xeito equilibrado a avaliación dos diferentes contidos e das competencias clave.					
	17. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación.					

	18. Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron alcanzados suficientemente.					
	19. Propón novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia.					
	20. Informa dos resultados os estudantes e as súas familias					
DIMENSIÓNS	INDICADORES	1	2	3	4	5
Motivación ao alumnado	1. Proporciona un plan de traballo ao principio de cada tarefa.					
	2. Utiliza distintos recursos para introducir a unidade (lecturas, cancións, vídeos, debates, diálogos...).					
	3. Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade.					
	4. Informa sobre os progresos acadados e as dificultades detectadas.					
	5. Relaciona os contidos e actividades cos intereses do alumnado.					
	6. Estimula a participación activa dos estudantes na clase.					
	7. Promove a reflexión sobre os temas tratados.					

Para o alumnado:

INDICADORES	1	2	3	4
• Fago con regularidade as tarefas propostas polo profesorado.				
• Entrego os traballos segundo as indicacións dadas polo profesorado e na data acordada				
• Participo activamente (achego ideas, axudo a resolver problemas, realizo a miña parte do traballo) nos traballos propostos en equipo.				
• Pregúntolle ao profesorado as dúbidas..				
• Solicito a axuda e a aprobación frecuente do profesorado.				
• Estou satisfeito do meu traballo				

• As cualificacións obtidas reflicten o meu esforzo e traballo.				
• Asisto regularme a clase.				
• Teño frecuentemente faltas de puntualidade				
• Xustifico os meus retrasos e faltas de asistencia ao/á titor/-a				
• Preocúpome por poñerme ao día na materia cando falto a clase.				
• Adopto unha actitude respectuosa co profesorado.				
• Adopto unha actitude respectuosa co alumnado.				
• Asumo responsabilidades.				
• Teño unha actitude positiva cara ao estudo				
• O que aprendo nunha materia aplícoo e relaciónoo con outras.				

Código: 1 (nunca); 2 (poucas veces); 3 (case sempre), 4 (sempre).

Avaliación da programación didáctica

A programación didáctica vaise revisar segundo se vaian acabando as diferentes unidades didácticas, mais tamén durante a implementación das mesmas, xa que nos podemos deparar con determinados contidos que é preciso acrecentar ou eliminar segundo se foren desenvolvendo as diferentes unidades.

No momento da revisión, ao detectárense necesidades, pasaranse a incluír actividades para potenciar a oralidade, a escrita ou os contidos socioculturais que virmos necesarios.

Indicadores	1	2	3	4	5
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.					
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.					
3. O desenvolvemento da programación responde á secuenciación e á temporalización previstas.					
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.					
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.					
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.					
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.					
9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.					
10. Fixación dunha estratexia metodolóxica común co resto de departamentos de linguas (TIL)					
11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.					
12. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.					
13. Adecuación dos criterios estabelecidos para a avaliación final					
14. Adecuación dos criterios estabelecidos para a avaliación extraordinaria.					
15. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.					
16. Adecuación dos mecanismos para informar as familias sobre criterios de avaliación, estándares e					

instrumentos.					
17. Adecuación dos mecanismos para informar as familias sobre os criterios de promoción.					
18. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.					
19. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.					
20. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.					
21. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.					
22. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes.					
23. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.					
24. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.					
25. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.					

16. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLANO LECTOR DO CETRO.

Un obxectivo primordial no ensino de linguas é formar lectores e lectoras competentes, isto é, que lean comprensivamente, que saiban interpretar o que len, que sexan capaces de emitir xuízos críticos, que reformulen e transformen contidos, que escriban para expresar e comunicar.

Así, o profesorado deste departamento empregará na aula os tres tipos principais de lectura, aplicábeis a todo tipo de documento escrito, sexa cal for o formato ou soporte (libro, álbum, revista, xornal, páxina web, vídeo, folleto...):

- Lectura previa ou de aproximación global ao tema. Convén dar certas claves de lectura (estrutura do tema, preguntas ás que pretende responder o tema, interrelacións entre conceptos e contexto...).
- Lectura lenta e minuciosa para comprender as partes do texto . A intervención e colaboración do profesor é moi importante. É conveniente ler co alumnado e traballar os textos en clase por medio do subliñado, esquemas, resumos, mapas conceptuais...
- Lectura de síntese ou asimilación para elaborar de forma persoal e reter significativamente os conceptos e as súas relacións.

É importante subliñar que a lectura en voz alta -primeiramente por parte do profesorado- facilita a comprensión lectora e axuda a melloralala, máxime no caso do ensino do portugués.

Por outra parte, a escrita constitúe unha dimensión fundamental da lectura comprensiva e non é exaxerado afirmar que o acto de escribir convértese, cando é consciente, no modo máis operativo de comprender. Escribir permite o coñecemento sobre o contido temático e sobre o propio coñecemento. Dito doutro modo, unha persoa asimila mellor algo cando é capaz de expresar por escrito o que sabe.

É por iso que, nas nosas aulas, trataremos de incentivar a realización de traballos de investigación breves en que o alumnado deberá buscar, seleccionar e tratar a información para responder ao reto plantexado polo docente ou polo grupo e o docente.

Neste tipo de traballos, o profesorado explicará claramente o que se pretende con eles e o que espera do alumnado, para o cal lle proporcionará, no mínimo:

- Un roteiro que conteña os aspectos a tratar.
- A bibliografía a consultar, tanto se se trata de documentos impresos, como se son páxinas web.
- Unha explicación do formato no que quere que se lle presente o resultado do traballo e as normas de presentación do mesmo.

Lugo, setembro 2022.

O profesor da materia:

Xosé Martínez Pedreiro.